

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CURSO ACADÉMICO 2024-2025

IES MARCO DO CABBALLÓN

VILA DE CRUCES - PONTEVEDRA

ANA BELÉN FERNÁNDEZ PORRAL

XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN.....	2
1.1 XUSTIFICACIÓN TEÓRICA	2
1.2 XUSTIFICACIÓN LEGAL	4
1.3 XUSTIFICACIÓN BASEADA NON CONTEXTO	11
2. ANÁLISE DE NECESIDADES	17
3. OBXECTIVOS	18
4. PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS	20
4.1 ACCIÓNS PRIORITARIAS TRANSVERSAIS	20
4.2 PLANIFICACIÓN XERAL. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN.....	22
ÁMBITO DE ACCIÓN TITORIAL.....	23
1) ACTUACIÓNS XERAIS NO ÁMBITO DA ACCIÓN TITORIAL	23
2) PROGRAMA DE ACOLLIDA, INTEGRACIÓN E MELLORA DA CONVIVENCIA	24
3) PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS	28
4) PROGRAMA DE EDUCACIÓN EN VALORES E PROMOCIÓN DE HÁBITOS E ESTILOS DE VIDA SAUDABLES	30
ÁMBITO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	33
5) PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE, PREVENCIÓN E AFRONTAMENTO DAS DIFICULTADES DE APRENDIZAXE.....	34
6) PROGRAMA DE ESTRATEXIAS DE ESTUDO E AFRONTAMENTO DAS APRENDIZAXES	40
ÁMBITO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.....	42
7) PROGRAMA DE ORIENTACIÓN VOCACIONAL	43
5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN	46
6. RECURSOS	49
7. TEMPORALIZACIÓN	50
8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	51
9. AVALIACIÓN DO PLAN E PROPOSTAS DE MELLORA.....	52
10. ORIENTACIÓN E PLAN LECTOR.....	53
11. ORIENTACIÓN E TIC.....	54
12. BIBLIOGRAFÍA.....	58
ANEXOS.....	60
ANEXO I. CONCRECIÓN DO PAT PARA O CURSO 2024-2025	61

1. XUSTIFICACIÓN

1.1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA

A **orientación educativa** é unha actividade complementaria á docente que se ocupa de aspectos que inciden directamente no desenvolvemento educativo, vocacional e persoal do alumnado. A orientación enténdese como un proceso continuo que se oferta en tódolos niveis educativos, implica a tódalas persoas e institucións que participan no proceso educativo, atende ás peculiaridades do alumnado capacitándoo para a súa autoorientación, permite aos centros educativos adaptarse aos/ás educandos/as e apóiase nos principios básicos de prevención, desenvolvemento e intervención social. A orientación é inherente á propia educación e trata de contribuír á formación integral dos/as alumnos/as, á implicación e ao asesoramento das familias e do resto dos axentes da comunidade educativa.

Xa que logo, a orientación é unha labor de todo o equipo docente e por extensión de toda a comunidade educativa, sendo o/a orientador/a un dinamizador deste proceso. Preténdese establecer un continuo orientador que abarque toda a escolaridade do alumnado. Destacar así mesmo que a nosa concepción da orientación non se limita exclusivamente ao alumnado, senón que abranguerá aos diferentes membros da comunidade educativa (profesorado, alumnado, familias...), tanto na faceta de receptores coma de impulsores do proceso orientador.

No plano teórico, convén ter presente que o modelo de orientación na gran parte do sistema educativo español artículase en tres niveis, de maior ou menor proximidade ao alumnado e a fin de asegurar o contacto de tódolos educandos coa orientación. Así, os **niveis** establecidos na Comunidade Autónoma de Galicia son os que seguen:

- *Acción titorial (A.T.):* é o primeiro nivel e o máis próximo ao alumnado, levado a cabo por todo o profesorado que incide nun mesmo grupo-clase e coordinados/as á súa vez polo profesor/a titor/a.
- *Departamento de Orientación (D.O.):* constitúe o segundo nivel da orientación, sendo creados para coordinar as labores orientadoras de todo o centro e levar a cabo actuacións máis específicas en caso preciso. Son asesorados polos E.O.E.
- *Equipos de Orientación Específicos (E.O.E):* constitúen o terceiro nivel da orientación, con carácter técnico e especializado, a súa actuación é subsidiaria con respecto aos niveis anteriores, a súa composición multidisciplinar e xunto co D.O. forman o sistema de orientación.

Dende cada un destes niveis prestarase atención ás tres **vertentes** propias da orientación, e que se detallan a continuación:

- *Vertente escolar:* aspecto da orientación que se encarga da optimización dos procesos de ensino-aprendizaxe. Inclúe tarefas tales como a avaliación psicopedagóxica, asesoramento curricular, comunicación coas familias, coordinación docente e establecemento de medidas de reforzo e adaptación curricular.
- *Vertente vocacional:* centrada en desenvolver a conduta vocacional dos individuos, co fin de que acaden a madurez vocacional e que lles permita a toma de decisións responsable e a autoorientación.
- *Vertente persoal:* ten que ver co proceso de axuda nos problemas de índole persoal. Esta función é considerada globalmente coa vertente escolar e vocacional, sendo abordada dende ámbalas dúas e integrada no sistema educativo.

Cabe destacar que para levar a cabo as tarefas da orientación, partiremos de organizar a actuación baixo un **modelo de intervención por programas**, que se caracteriza por:

- desenvolverse en función das necesidades do centro
- dirixirse a tódolos/as alumnos/as
- céntrase nas necesidades do grupo-clase
- considera ao suxeito como un axente activo do seu propio proceso de orientación
- actúa sobre o contexto con carácter preventivo e de desenvolvemento
- establécese ao longo dun contínuum temporal
- considera ao/á orientador/a como un educador/a do equipo docente
- leva a cabo un seguimento e avaliación do realizado con finalidade formativa
- promove a integración curricular da orientación
- implica a tódolos axentes educativos
- abre o centro á comunidade

O modelo de programas, que será o eixo da nosa intervención, caracterízase por priorizar a intervención directa, interna, grupal e proactiva, e encaixa co **modelo segundo ámbito de intervención sociopsicopedagóxico**, que considera o contexto de interacción do individuo, de maneira que a intervención e orientación educativa non poden efectuarse de forma illada sobre algún elemento do proceso ensino-aprendizaxe, senón que deben efectuarse sobre todo o conxunto.

A intervención por programas combinarase puntualmente co **modelo de consulta colaborativa** de Bisquerra (1998), de xeito que en determinados momentos o/a orientador/a intervirá de forma directa sobre o grupo de alumnos/as, sempre que dita axuda lle sexa requirida polos/as compañeiros/as docentes, entendendo esta relación entre profesionais dun mesmo status e grado de responsabilidade. A intervención completarase co **asesoramento individualizado** aos membros da comunidade educativa que o precisen e/ou o soliciten.

Así as cousas, entendemos a **orientación** actualmente como unha **actividade educativa, compartida e preventiva**, que supera a antiga concepción baseada nun modelo clínico no que a intervención se caracterizaba por ser puntual, remedial, asistemática e responsabilidade única do/a orientador/a, non permitindo a integración da orientación no currículo.

Tendo en conta a aportación teórica previa, a nosa actuación rexerese polos seguintes **principios da orientación**:

- *Planificación*: refírese ao feito de que a orientación non debe improvisarse, senón que debe ser unha tarefa programada.
- *Prevención*: fai referencia ao carácter proactivo da orientación, de xeito que se priorizará a prevención primaria, aplicando tan só a secundaria e terciaria cando houbera aparecido o problema ou cando este se estendera.
- *Curricularidade*: a orientación debe estar integrada no currículo, nas distintas áreas, módulos e materias, e polo tanto ha de constar nos distintos documentos do centro.
- *Cooperación*: é un principio que deixa caer a necesidade de que toda a comunidade educativa estea implicada e coopere na actividade orientadora.
- *Intervención social*: fai referencia a que a orientación non se centra tan só na actuación co alumnado, senón que vai máis alá, incluíndo a toda a comunidade.

- *Sistematicidade*: o sistema educativo está formado por un conxunto de elementos que interactúan entre si (profesorado, currículo, alumnado...), de xeito que a realidade é sistémica e as interaccións entre subsistemas é constante. Así, nunha situación problemática non interveñen só factores intrapersoais, senón que tamén inflúen as variables contextuais.
- *Desenvolvemento persoal*: a orientación pretende, finalmente, acadar o desenvolvemento integral da persoa.

Finalmente, indicar que o D.O. ten distintas funcións, entre as que se atopan a de elaborar o Plan Anual de Orientación, no cal se inclúe a concreción correspondente do Plan de Acción Titorial (PAT), do Plan de Xeral Atención á Diversidade (PXAD) e do Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP) para cada curso. O Plan Anual de Orientación garante o dereito de todo o alumnado á orientación e pretende promover e contribuír á adquisición das **competencias clave** a través das actuacións e propostas de cada un dos ámbitos que o compoñen.

1.2. XUSTIFICACIÓN LEGAL

Os distintos documentos legislativos sinalan que a función orientadora e titorial constitúen os servizos e actividades que o sistema educativo oferta co obxectivo de optimizar o rendemento do ensino. Atendendo ao marco legal actual, a orientación é concibida como un principio do sistema educativo, un factor de calidade do mesmo e un dereito do alumnado. Destacaremos a continuación a lexislación necesaria para a acción orientadora.

A **LOE**, Lei Orgánica de Educación 2/2006 do 3 de maio, que establece o marco no que se van desenvolver todas as accións educativas incluída por suposto a labor orientadora, recolle no seu Preámbulo e entre os seus principios básicos o logro de:

- a. Educación de calidade para todo o alumnado.
- b. Equidade na educación que garanta a igualdade de oportunidades.
- c. Esfuerzo compartido por todas as persoas que compoñen a comunidade educativa.

A **LOMLOE**, Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, mantén algúns aspectos xa destacados na LOE no relativo ao campo da orientación e engade algúns outros. Destacamos o seguinte articulado:

Título preliminar

Capítulo I. Principios e fins da educación.

Artigo 1. Principios:

f) “a orientación educativa e profesional dos estudantes como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores”.

Artigo 2. Fins:

2.2. “Os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza e, en especial [...], a orientación educativa e profesional, a inspección educativa e a avaliación.”

Título I. As ensinanzas e a súa ordenación.

Capítulo III. Educación Secundaria Obrigatoria

Artigo 22. Principios xerais:

22.3. *“Na Educación Secundaria Obrigatoria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado. Neste ámbito incorporárase a perspectiva de xénero. Así mesmo, teranse en conta as necesidades educativas específicas do alumnado con discapacidade.»*”

Artigo 26. Principios pedagóxicos:

26.4. *“Corresponde ás Administracións educativas promover as medidas necesarias para que a titoría persoal dos alumnos e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional, constitúan un elemento fundamental na ordenación desta etapa.”*

Artigo 30. Ciclos formativos de grao básico

30.3 *“... a titoría e a orientación educativa e profesional terán unha especial consideración, realizando un acompañamento socioeducativo personalizado e cooperando con axentes sociais do entorno, outras institucións e entidades.”*

Capítulo V. Formación Profesional

Artigo 42. Contido e organización da oferta

42.9 *“Corresponde ás Administracións educativas desenvolver un sistema de orientación axustado e eficaz, que contribúa á consideración de todo tipo de opcións formativas e profesionais e fomente a igualdade efectiva entre homes e mulleres.”*

Título II. Equidade na educación

Capítulo I. Alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Artigo 71. Principios:

71.1. *“As Administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral na presente lei.*

71.2. *“Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por encontrárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.”*

71.3 *“As Administracións educativas establecerán os procedementos e recursos necesarios para identificar de forma temperá as necesidades educativas específicas dos alumnos/as aos que se refire o apartado anterior. A atención integral ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo iniciárase dende o mesmo momento en que dita necesidade sexa identificada e rexerese polos principios de normalización e inclusión.”*

Título III. Profesorado

Capítulo I. Funcións do profesorado

Artigo 91. Funcións do profesorado:

c) *“A titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.”*

d) *“A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados.”*

h) *“A información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas, así como a orientación para a súa cooperación no mesmo.”*

Capítulo IV. Recoñecemento, apoio e valoración do profesorado

Artigo 105. Medidas para o profesorado de centros públicos:

105.2. a) *“o recoñecemento da función titorial, mediante os oportunos incentivos profesionais e económicos.”*

Título VIII. Recursos económicos

Artigo 157. Recursos para a mellora das aprendizaxes e apoio ó profesorado

h) *“A existencia de servizos ou profesionais especializados na orientación educativa, psicopedagóxica e profesional.”*

Nun plano máis concreto, a nivel autonómico, hai que considerar en primeiro lugar o establecido no **Decreto 120/1998** que regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, ampliado pola **Orde 24 de xullo de 1998**, na cal se establece no seu artigo 15 a estrutura do Plan Anual de Orientación, á cal nos atinximos. En ambas disposicións legais se recollen ademais as funcións do D.O. e dos seus membros.

Asemade, consideraremos o **Decreto 324/1996**, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (IES), ampliado pola **Orde 1 de agosto/1997**, que acuña aos D.O. como órganos de coordinación docente e recolle as funcións da xefatura do D.O. e dos titores, ademais de regular os documentos de centro, órganos de goberno, restantes órganos de coordinación e a Programación Xeral Anual.

Tendo en conta que a nosa actividade se desenvolverá nun Instituto de Educación Secundaria, tamén debemos rexernos polo apuntado nos preceptivos decretos que regulan o currículo do ensino na ensinanza secundaria obrigatoria e o bacharelato. Así, o **Decreto 156/2022**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, fai referencia no seu articulado á importancia da orientación e titoría nesta etapa. En concreto, no seu artigo 5.2 indica que *“prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado. Neste ámbito incorporárase, entre outros aspectos, a perspectiva de xénero. Así mesmo, teranse en conta as necesidades educativas específicas do alumnado con discapacidade ou que se encontre en situación de vulnerabilidade”*, destacando tamén o papel relevante da titoría e orientación para a ESO no artigo 20, no que indica que *“na educación secundaria obrigatoria, a titoría e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional constitúen un elemento fundamental. Nese sentido, a acción titorial e a orientación acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.”*

Pola súa parte, o **Decreto 157/2022**, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, fai o propio respecto a esta etapa postobrigatoria, sinalando no seu artigo 20 que a *“titoría e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional do alumnado, así como a preparación do seu futuro itinerario formativo, constitúen un elemento fundamental”*, polo que a acción titorial e orientación acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado, incorporando a perspectiva de xénero ao ámbito da orientación educativa e profesional.

No noso centro impártense tamén ensinanzas de formación profesional, de grao medio e básico, destacando a relevancia da orientación nas distintas disposicións legais reguladoras das mesmas. Así, o **Decreto 114/2010**, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galiza, dedica o capítulo XIV á información e orientación profesional, destacando o seu papel clave na formación profesional. Asemade, no seu artigo 2 a norma establece entre os fins da formación profesional a consecución do desenvolvemento integral da persoa, destacando a importancia dunha orientación académica e profesional non condicionada polas diferenzas sexuais.

No tocante á formación profesional básica, a importancia da orientación tamén foi destacada nas distintas normas reguladoras, tal como o **Real Decreto 127/2014**, polo que se regulan aspectos específicos da FP Básica, se aproban catorce títulos profesionais básicos e se fixan os seus currículos, ou o **Decreto 107/2014**, polo que se regulan aspectos específicos da FP Básica en Galiza e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos, recalcando novamente esta importancia o actual **Decreto 126/2023**, polo que se establece o currículo do ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais e do ámbito de Ciencias Aplicadas dos ciclos formativos de grao básico na Comunidade Autónoma de Galicia, que indica expresamente que *“a titoría e a orientación educativa e profesional terán unha especial consideración, realizando un acompañamento socioeducativo personalizado.”* Este aspecto tamén é recollido na **Lei Orgánica 3/2022**, de ordenación e integración da Formación Profesional, que destaca a importancia da orientación no ensino profesional en distintos momentos ao longo da mesma.

Finalmente, deberemos ter presente a **Circular 10/2010** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para coordinar actuacións e se establecen as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares en Galicia, que serán de aplicación para o presente curso 2024/2025 agás novidades significativas, así como as directrices xerais de intervención que estableza a CCP, se é o caso. A lexislación a ter en conta no D.O. será a seguinte:

NORMATIVA XERAL
- Lei Orgánica 3/2020 , de 29 de decembro, pola que se modifica a LOE (LOMLOE). - Lei Orgánica 2/2006 , do 3 de maio, de Educación (LOE). - Lei Orgánica 3/2022 , de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.
ORGANIZACIÓN
- Decreto 324/1996 , do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria. - Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.

<p>INSTRUCCIÓN DE INICIO DE CURSO E CALENDARIO ESCOLAR</p> <ul style="list-style-type: none"> - Resolución do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2024/25. - Resolución do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da Formación Profesional no curso 2024/25. - Resolución do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2024/25 - Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
<p>ADMISIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> - Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. - Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
<p>CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> - Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. - Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. - Resolución do 3 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o apoio á creación e ao funcionamento das escolas de nais e pais reguladas pola Lei 4/2011, do 30 de xullo, de convivencia e participación da comunidade educativa. - Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia. - Orde do 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos.
<p>PLURILINGÜISMO NO ENSINO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
<p>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten ensinanzas establecidas na LOE. - Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e a súa corrección de erros. - Circular 9/1999 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a atención á diversidade na educación secundaria obrigatoria. - Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para alumnado de ESO.
<p>DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> - Decreto 120/1998, polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional en Galicia. - Orde do 24 de xullo/1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galiza regulada polo Decreto 120/1998.

<p>-Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares en Galicia. <i>(Nos aspectos que permanecen vixentes, en concreto, a instrución segunda).</i></p> <p>-Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para coordinar actuacións e se establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.</p>
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA
<p>-Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria.</p> <p>- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>-Decreto 117/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.</p> <p>-Orde do 9 de agosto de 2023 pola que se amplía a relación de materias optativas da educación secundaria obrigatoria e se establece o seu currículo.</p> <p>-Orde do 22 de xuño de 2023 pola que se establecen medidas para a validación ou a exención de materias da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato e materias das ensinanzas profesionais de música e de danza ou a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento.</p> <p>-Orde do 29 de decembro de 2023 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia.</p>
BACHARELATO
<p>-Real Decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do Bacharelato.</p> <p>- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>- Decreto 118/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>- Orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.</p> <p>-Orde do 13 de febreiro de 2023 pola que se establece o currículo das materias optativas do bacharelato e se regula a súa oferta.</p> <p>-Orde do 9 de agosto de 2023 pola que se amplía a relación de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo.</p> <p>-Orde do 22 de xuño de 2023 pola que se establecen medidas para a validación ou a exención de materias da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato e materias das ensinanzas profesionais de música e de danza ou a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento.</p>
PAU E ADMISIÓN Á UNIVERSIDADE
<p>- Orde do 24 de marzo de 2011 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades dos sistema universitario de Galicia.</p> <p>- Real Decreto 412/2014 do 6 de xuño polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao.</p> <p>-Ordes e/ou Resolucións para o curso actual polas que se diten instrucións para a realización da PAU no curso 2024/25 para acceso á universidade no curso 2025/26, pendentes de publicación. Serán actualizadas no ficheiro de lexislación e tidas en conta a partir da súa publicación.</p>

FORMACIÓN PROFESIONAL

- **Real Decreto 278/2023**, do 11 de abril, polo que se establece o calendario de implantación do Sistema de Formación Profesional establecido pola Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.
- **Real Decreto 658/2024**, do 9 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 659/2023.
- **Decreto 114/2010**, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- **Orde do 12 de xullo de 2011** pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
- **Orde do 15 de xuño de 2016** pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas. (Agás os artigos 3, 4, 5, 6, 7, e 8, actualmente derogados).
- **Orde do 28 de febreiro de 2007** pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia. Corrección de erros da Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo.
- **Orde do 5 de novembro de 2010** pola que se establece con carácter experimental a ordenación da formación profesional inicial polo réxime para as persoas adultas nas modalidades a distancia e semipresencial.
- **Orde do 2 de decembro de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso a ciclos formativos de FP no sistema educativo.
- **Orde do 21 de decembro de 2023** pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional do sistema educativo, e se convocan para o ano 2024.
- **Real Decreto 127/2014**, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da Formación Profesional Básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, apróbanse catorce títulos profesionais básicos, fíxanse os seus currículos básicos e se modifica o Real Decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- **Real Decreto 356/2014**, de 16 de maio, polo que se establecen sete títulos de formación profesional básica do catálogo de títulos das ensinanzas de FP.
- **Decreto 107/2014**, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- **Orde do 13 de xullo de 2015** pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- **Decreto 126/2023**, do 20 de xullo, polo que se establece o currículo do ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais e do ámbito de Ciencias Aplicadas dos ciclos formativos de grao básico de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS

- **Real Decreto 659/2023**, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional (Título IV)
- **Lei Orgánica 3/2022**, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional (Título VI).
- **Orde do 4 de xuño de 2021** pola que se regula, no ámbito do sistema educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, o proceso de acreditación de competencias profesionais, adquiridas a través da experiencia laboral para unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS

- **Decreto 88/1999**, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación para persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros.
- **Orde do 20 de marzo de 2018** pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na CCAA de Galicia.
- **Orde do 20 de xullo de 2009** pola que se regulan as ensinanzas de bacharelato para adultos na modalidade presencial en Galicia.

- **Orde 26 de abril de 2007** pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de Galicia.

PROBAS LIBRES

- **Orde 19 de febreiro de 2009** pola que se regulan as probas libres para a obtención do título de Graduado en ESO para persoas maiores de 18 anos

- **Orde do 10 de febreiro de 2012** pola que se modifica a do 19 de febreiro de 2009 pola que se regulan as probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezaioito anos.

- **Resolución 3 de xaneiro de 2024**, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en ESO para maiores de 18 anos nas convocatorias de abril e xuño, e se ditan instrucións para a súa realización.

- **Orde do 10 de febreiro de 2012** pola que se regula a proba para a obtención do título de bacharel para persoas maiores de vinte anos na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Orde 22 de decembro de 2016** pola que se modifica a Orde do 10 de febreiro de 2012 pola que se regula a proba para a obtención do título de Bacharel para persoas maiores de 20 anos.

- **Resolución do 5 de xaneiro de 2024**, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convoca a proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos e se ditan instrucións para a súa realización.

- **Orde 5 de abril de 2013**, pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de Técnico e Técnico Superior de ciclos formativos de FP LOE. Corrección de erros da Orde 5 de abril de 2013.

PROTOCOLOS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

<https://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

- Protocolo prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso

- Procedemento corrector de condutas contrarias á convivencia

- Protocolo de urxencias sanitarias

- Protocolo de atención educativa domiciliaria

- Protocolo de identidade de xénero

- Protocolo de prevención e actuación ante o risco suicida

- Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo

- Protocolo de protección de datos

<https://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/1764>

- Guía para o desenvolvemento do Plan de Benestar Emocional

- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe

- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais

- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva

- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual

- Protocolo de tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA)

- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario

- Protocolo educativo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia

1.3. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

A) REALIDADE SOCIOECONÓMICA

O IES Marco do Camballón, que botou a andar no ano 1998, está situado xeograficamente no municipio de **Vila de Cruces**, pertencente ao Concello do mesmo nome, na provincia de Pontevedra. O Concello de Vila de Cruces pertence á comarca do Deza, conta cunha extensión de 154,5 km² e 5082 habitantes repartidos nas súas 28 parroquias (Añobre, Arnego, Asorei, Bascuas, Besexos, Bodaño, Brandariz, Camanzo, Carbia, Cumeiro, Duxame, Ferreirós, Fontao, Gres, Insua, Larazo, Loño, Losón, Merza, Obra, Oirós, Ollares, Piloño, Portodemouros, Sabrexo, Salgueiros, Toiriz e Vila de Cruces). Trátase dun concello rural que está a perder poboación nos

últimos anos, debido ao traslado da mesma cara zonas urbanas. A merma demográfica provocou incluso o peche do CEIP de Merza en xuño de 2022.

Obsérvase nos últimos tempos un incremento na chegada de habitantes estranxeiros, procedentes fundamentalmente de Marrocos e o sur de América, se ben estas novas incorporacións ao padrón non son suficientes para aumentar a demografía de forma significativa.

O concello enmárcase nunha contorna paisaxística e natural de gran valor e conta con gran tradición histórica, cultural e gastronómica.

No relativo á economía, esta caracterízase por ser diversificada na zona, predominando a dedicación ao sector primario e terciario. No caso das familias do alumnado do noso instituto, ocúpase preferentemente no sector servizos, seguido de agricultura e gandería, industria e construción. A incorporación das mulleres ao mercado laboral provoca que boa parte do alumnado pase a maioría do tempo cos avós e avoas.

En canto á dotación de recursos, o pobo dispón de biblioteca municipal e dende o Concello ofértanse actividades de ocio e culturais ao longo do ano, tanto de forma continua como eventual (escolas deportivas, clases de baile, campamentos urbanos...).

Asemade, o Concello de Vila de Cruces conta actualmente con catro centros educativos, todos eles de carácter público, segundo se detalla a continuación:

- Galiña Azul (Galescola)
- CEIP Nosa Señora da Piedade (Vila de Cruces)
- CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas (Piloño)
- IES Marco do Camballón (Vila de Cruces)

Neste último insírese o traballo do noso departamento de orientación, presentando nos puntos seguintes os datos relevantes do centro.

B) O CENTRO: IES MARCO DO CAMBALLÓN

CÓDIGO	CENTRO	CONCELLO	ANO ACADÉMICO	
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	2024 - 2025	
ETAPA /ENSINANZAS		CURSO	LIÑAS	Nº ALUMNADO
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA		1º	2	34
		2º	1	26
		3º	1	25
		4º	2	38
BACHARELATO (Modalidade de Ciencia e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais)		1º	1	20
		2º	1	30
FORMACIÓN PROFESIONAL	Ciclo Grao Básico "Servizos Administrativos"	1º	1	6
		2º	1	4
	Ciclo Grao Medio	1º	1	7

	<i>“Atención a persoas en situación de dependencia”</i>	2º	1	7
	Ciclo Grao Medio <i>“Soldadura e Caldeiraría”</i>	1º	1	13
		2º	1	11
TOTAL			14	221
TRABALLADORES DO CENTRO				
PERSONAL DOCENTE (38 profesores/as + 1 auxiliar de conversa)				39
PERSONAL NON DOCENTE	Administrativa		1	6
	Conserxes		2	
	Persoal de limpeza		3	
TOTAL			45	

Os datos da táboa son os correspondentes ao inicio de curso, podendo sufrir variacións no futuro en canto a número de alumnado matriculado, debido a altas e baixas que poidan producirse ao longo do curso.

C) SERVIZOS E PLANS DO CENTRO

Servizos complementarios:

- Comedor escolar: luns e mércores en horario de 14:30-15:45
- Transporte escolar: varias rutas que abranguen o territorio do Concello

Plans:

A maioría do profesorado conta con destino definitivo no centro, implicándose coa súa participación en programas e grupos de traballo en pro da mellora no desempeño da súa labor.

Dende o centro promóvese a participación en distintos plans e programas, tales coma:

- Contratos programa
- Plan Proxecta
- Plan de mellora das bibliotecas escolares
- Edixgal
- Erasmus +
- Voz Natura (Programa de Educación medioambiental)
- Seccións bilingües (na materia de Educación Física nos cursos de 1º, 2º e 3º ESO)

D) DOCUMENTOS DO CENTRO E DIRECTRICES DA CCP

Na elaboración da programación teranse en conta os diferentes documentos do centro, así como as directrices que a CCP estableza para o plan de orientación, se é o caso.

E) MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO 2023-2024

Na memoria do curso 2023-2024 fixéronse varias propostas de mellora para este curso 2024-2025 que se terán en conta para a planificación do curso actual:

PROPOSTAS DE MELLORA 2023-2024	ASPECTOS A MANTER E/OU CAMBIOS A INTRODUCIR NESTE CURSO 2024-2025
<ul style="list-style-type: none"> - Promover a implicación do profesorado nas titorías e no deseño da concreción anual da acción tutorial, co fin de axustar esta ao máximo ás necesidades dos grupos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Promover no profesorado titor a sondaxe dos intereses dos grupos e detección de necesidades no eido da acción tutorial. - Incentivar as propostas por parte do profesorado titor nas reunións de planificación e seguimento da acción tutorial. - Continuar a informar ao profesorado titor de distintos plans e programas que ofrece a Consellería (Plan Proxecta, Contratos Programa...)
<ul style="list-style-type: none"> - Difundir o servizo de mediación e continuar a traballar na súa consolidación, xunto co resto de profesorado do equipo de mediación, procurando a participación activa de alumnado mediador. 	<ul style="list-style-type: none"> - Presentar a mediación nas aulas. - Levar a cabo formación en mediación para alumnado voluntario, en colaboración co profesorado do equipo de mediación.
<ul style="list-style-type: none"> - Promover a educación emocional e saúde mental no alumnado, así como a convivencia, habilidades sociais e resolución pacífica de conflitos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Diseñar e recompilar materiais para o traballo das distintas temáticas nas titorías, a través dos distintos programas do plan anual. - Realizar obradoiros sobre as distintas temáticas, impartidos por axentes externos ou internos, segundo cada caso. - Propoñer ao profesorado titor a introdución dos círculos de diálogo nas aulas.
<ul style="list-style-type: none"> - Continuar a sensibilizar á comunidade educativa en xeral e ao profesorado en particular sobre as necesidades específicas de apoio educativo e a importancia da implementación de medidas de atención á diversidade e adecuación do proceso ensino-aprendizaxe nestes casos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Realizar reunións iniciais con equipos docentes, previas á avaliación inicial, en determinados cursos que sexan imprescindibles segundo as necesidades presentadas. - Continuar a informar, sensibilizar e asesorar ao profesorado acerca das NEAE en distintas reunións ao longo do curso.
<ul style="list-style-type: none"> - Favorecer a motivación e a creación de hábitos de estudo e traballo responsables no alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> - Promover a abordaxe das estratexias de planificación e técnicas de estudo nas titorías. - Propoñer o desenvolvemento de obradoiros de técnicas de estudo.
<ul style="list-style-type: none"> - Profundizar no tratamento do tránsito á vida activa, especialmente na Formación Profesional e cursos terminais do ensino básico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Profundizar no tratamento do bloque de inserción laboral, dentro do programa de orientación vocacional e ofrecer materiais e actividades para abordar o tránsito á vida activa de forma práctica (simulacións de

	entrevistas de traballo, elaboración de curriculum vitae...) <ul style="list-style-type: none"> - Continuar a traballar sobre o tránsito á vida activa no marco da materia de opción Formación e Orientación Persoal e Profesional (4º ESO) e mantelo nas materias impartidas pola docente de FOL nos ciclos formativos.
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver sesións de orientación vocacional presencial para familias de distintos cursos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Realizar sesións informativas presenciais, planificando e coordinando as mesmas coa dirección do centro.
<ul style="list-style-type: none"> - Potenciar o coñecemento do apartado de orientación na web, a fin de facilitar a achega de información á comunidade educativa. 	<ul style="list-style-type: none"> - Informar nas titorías sobre o apartado web
<ul style="list-style-type: none"> - Incidir no coñecemento do entorno educativo e laboral da comarca ou máis próximo. 	<ul style="list-style-type: none"> - Favorecer o coñecemento da oferta educativa próxima nas sesións de orientación académica. - Canalizar o coñecemento de entidades laborais da comarca e o seu tecido empresarial mediante a colaboración coa docente de FOL e/ou o deseño de programas específicos.
<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar a implicación e participación das familias no proceso de aprendizaxe e na vida do centro, favorecendo a adquisición de estratexias que faciliten a educación dos seus fillos/as. 	<ul style="list-style-type: none"> - Promover a organización de actividades dende o centro e formación para familias.

F) O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Ámbitos de actuación

- Acción titorial
- Atención á diversidade
- Orientación académica e profesional

As actuacións e actividades propias de cada ámbito lévanse a cabo a través dos **tres niveis da orientación** mencionados no apartado primeiro:

- Acción titorial
- Dpto. de Orientación
- Equipo de Orientación Específico

Membros do Dpto. de Orientación	
Martínez Busto Paula	Profesora de FOL
Crespo García, Manuel	Profesor de Pedagogía Terapéutica (PT)
Fernández Porral, Ana Belén	Orientadora educativa e xefa do departamento

No curso actual, a xefa do departamento asume ademais, o cargo de secretaria do centro.

Cadro de reunións

Reunións	Temporalización/Periodicidade	Implicados
Reunións do D.O.	Mensual	Orientadora, profesora de FOL, profesor de PT.
Reunións con PT	Mensual e segundo necesidades	Orientadora e especialista en Pedagogía Terapéutica
Reunións co equipo directivo	Xoves 10:40-11:30	Equipo directivo. A orientadora asiste como membro do equipo directivo
Reunións de coordinación con titores	Luns 10:40-11:30 Luns 12:00-12:50 Martes 10:40-11:30	Orientadora, xefa de estudos e titores/as implicados/as
Reunións co profesorado	Segundo necesidades e previa convocatoria da xefatura de estudos	D.O, xefa de estudos e profesorado implicado
Reunións de avaliación	Trimestralmente, segundo calendario: avaliación inicial, avaliacións trimestrais, finais e extraordinarias	Equipo docente, equipo directivo e orientadora
Reunións de CCP	Segundo convocatoria	Directora, xefa de estudos, xefes/as de departamento, profesor de PT, coordinador/a da FCT e coordinador/a de dinamización lingüística.
Atención a familias	Xoves 9:00 - 9:50, ou segundo se acorde de forma máis inmediata posible	Orientadora, familias e especialista en PT e/ou outro/a docente se fora o caso
Reunións de coordinación co D.O do CEIP Nosa Sra. da Piedade	Trimestral	Orientadores/as implicados/as e/ou especialistas en PT, e/ou titores/as, e/ou membros do equipo directivo, se fora o caso
Reunións con entidades externas	Segundo demanda, en horario acordado entre as partes	Orientadora e organismos ou profesionais externos implicados

Atención ao alumnado

Días de atención	Horario
De luns a venres	11:30 – 12:00

Centros adscritos

O IES Marco do Camballón non ten centros adscritos a nivel de Dpto. de Orientación, se ben si están adscritos a nivel de admisión ao propio IES aos dous centros de educación infantil e primaria do Concello (CEIP Nosa Sra. da Piedade e CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas).

O CEIP Nosa Señora da Piedade conta con Dpto. de Orientación propio e ten adscrito ao mesmo aos centro educativo sito en Piloño.

Dende o IES Marco do Camballón mantéñense reunións con periodicidade trimestral co orientador dos colexios do Concello, a fin de coordinar actuacións entre os departamentos de orientación.

2. ANÁLISE DE NECESIDADES

A planificación do D.O debe responder ás necesidades reais do centro, polo que cómpre inicialmente facer unha detección das mesmas a fin de dar unha resposta educativa axeitada ao contexto e circunstancias concretas. Así, podemos destacar como fontes empregadas para a detección de necesidades as que seguen:

- Documentos de centro (PEC, PAT, PXAD...).
- Análise da planificación e memoria final do D.O. do curso anterior.
- Información adquirida a través das actas de reunión do D.O. do curso anterior.
- Aportacións recadadas en distintas reunións: co equipo directivo, con membros do D.O., con titores/as, con equipos docentes, CCP, Claustro, sesión de avaliación inicial...

En función da información recollida determinamos a continuación as distintas necesidades ás que pretende responder o plan de orientación, tendo en conta en calquera caso que se trata dunha programación xeral variable, podendo reconducirse as intervencións en calquera momento do curso en funcións de novas e imprevistas necesidades que vaian xurdindo.

Necesidades en relación ao centro e ao propio departamento

- Asesoramento e participación na elaboración de documentos de centro.
- Asesoramento no relativo ás medidas de atención á diversidade.
- Mantemento de mecanismos e canles de colaboración para o desenvolvemento de actuacións e actividades dos distintos programas.
- Actualización da información na web do centro no apartado relativo ao D.O e redes sociais do departamento.
- Adquisición de material psicopedagóxico e de apoio para o D.O.
- Actualización do dossier legislativo no relativo á educación e orientación na comunidade galega.

Necesidades en relación ao profesorado

- Asesoramento psicopedagóxico a nivel curricular e na adopción e posta en marcha de medidas de atención á diversidade.
- Fomento da implicación docente no desenvolvemento da acción tutorial.
- Promoción da formación e innovación docente.
- Coñecemento e actualización da lexislación educativa e os distintos protocolos da Consellería de Educación Xunta de Galicia.

Necesidades en relación ao alumnado

- Desenvolvemento persoal e da competencia social.
- Potenciación da integración do alumnado en xeral, prestando especial atención ao alumnado que ingresa no centro por tránsito de etapa, alumnado que se incorpora ao longo do curso e ACNEAE.
- Fomento da implicación e do rendemento do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Detección precoz e intervención ante as necesidades específicas presentadas, axustando a resposta educativa ás necesidades individuais.

- Seguimento sistemático do alumnado ao que se lle aplican medidas de atención á diversidade.
- Concienciación sobre a saúde mental e abordaxe da educación emocional.
- Promoción da convivencia e resolución pacífica de conflitos.
- Insistencia na educación en valores e a responsabilidade individual e colectiva, prestando especial atención ao fomento das relacións igualitarias entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero e calquera outra forma de violencia, prevención de adiccións, uso responsable das novas tecnoloxías...
- Información sobre o sistema educativo, laboral e o proceso de toma de decisións en pro do desenvolvemento da madurez vocacional e a propia autoorientación.

Necesidades en relación ás familias

- Implicación e participación das familias no proceso educativo.
- Fomento da comunicación e cooperación centro-familia.
- Información sobre a evolución dos fillos/as, en especial naqueles casos en que se aplican medidas de atención á diversidade e/ou por tratarse de ACNEAE.
- Asesoramento individualizado a familias de ACNEAE.
- Información académica e profesional e na creación do itinerario persoal, mediante información sobre a estrutura do sistema educativo actual, alternativas educativas posibles, saídas profesionais...

Necesidades en relación ao entorno

- Mantemento e ampliación de canles de comunicación entre o centro e entidades do entorno, a través de protocolos establecidos.
- Mantemento da colaboración con entidades e organismos do entorno tales coma o EOE, CFRs, asociacións, outros centros educativos...
- Contacto con entidades que faciliten a inserción laboral e o desenvolvemento persoal do alumnado, a través de actividades transversais e/ou formativas.

3. OBXECTIVOS

Obxectivos xerais

- Contribuír á personalización da educación favorecendo o desenvolvemento de tódolos aspectos da persoa.
- Previr as dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumno/a, tratando de evitar o abandono, fracaso e inadaptación escolar.
- Favorecer no alumnado os procesos de madurez e autonomía persoal, de desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores.
- Contribuír na axeitada relación e coordinación entre os distintos integrantes da comunidade educativa para favorecer o desenvolvemento integral do alumnado.

Obxectivos en relación ao centro e ao propio departamento

- Asesorar e colaborar na elaboración e actualización de documentos de centro.

- Asesorar, colaborar e realizar aspectos técnicos en cuestións referidas á atención á diversidade: adaptacións curriculares, medidas de reforzo educativo, agrupamentos, desdobres...
- Colaborar na planificación e organización de actividades educativas e na coordinación e posta en marcha dos distintos programas.
- Manter actualizada e difundir a información pertinente ou que corresponda na web do centro, redes sociais do departamento e taboleiro de información do centro.
- Adquirir material e documentación precisa para o D.O. (fondos bibliográficos, probas psicopedagógicas, materiais didácticos, material funxible...).
- Actualizar o dossier legislativo en función das novas disposicións legais que vaian xurdindo.

Obxectivos en relación ao profesorado

- Prestar asesoramento psicopedagógico a nivel curricular e na adopción e posta en marcha de medidas de atención á diversidade.
- Asesorar aos docentes na detección e identificación de dificultades de aprendizaxe e promover o ensino de hábitos e técnicas de estudo.
- Impulsar a implicación activa e efectiva do profesorado na acción tutorial e asesorar no desempeño da mesma.
- Asesorar no desenvolvemento do PAT, prestando apoio e soporte técnico.
- Informar sobre distintos programas e plans de carácter educativo.
- Proporcionar información actualizada sobre a lexislación vixente e protocolos.

Obxectivos en relación ao alumnado

- Favorecer o desenvolvemento integral do alumnado, con accións que redunden positivamente no seu plano persoal, social, educativo e laboral.
- Fomentar a implicación e mellor rendemento do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, propiciando a adquisición de estratexias de planificación, técnicas de estudo e recursos que lle permitan enfrontarse e adaptarse ás distintas modalidades de ensino (presencial, semipresencial e non presencial).
- Propiciar unha resposta educativa axustada ás necesidades do alumnado.
- Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo, concretando pautas de actuación e medidas para a súa atención.
- Facilitar a integración do alumnado no seu grupo-clase e no conxunto da dinámica escolar, ofrecéndolles apoio especialmente nos momentos de maior dificultade (ingreso no centro, cambio de etapa, elección de optativas e itinerarios formativos...).
- Concienciar sobre a importancia da saúde mental e promover a intelixencia emocional no alumnado, dotando de estratexias de afrontamento emocional.
- Promover a convivencia, resolución pacífica de conflitos e habilidades sociais.
- Potenciar a educación en valores a través do tratamento de temas transversais e os hábitos e estilos de vida saudables.

- Favorecer o desenvolvemento e madurez vocacional do alumnado que lle permita tomar as súas decisións vocacionais dun xeito reflexivo e coherente e acadar a propia autoorientación.

Obxectivos en relación ás familias

- Favorecer a implicación das familias no proceso educativo.
- Promover a relación e colaboración centro-familia.
- Proporcionar información ás familias sobre a evolución dos/as fillos/as cando se demande e/ou sexa pertinente, prestando especial atención a aqueles casos en que se aplican medidas de atención á diversidade e/ou por tratarse de ACNEAE.
- Asesorar ás familias, individual ou colectivamente, para que asuman de xeito responsable a educación dos seus fillos/as.
- Facilitar, individual ou colectivamente, información de carácter vocacional ás familias.
- Demandar a colaboración para as actividades promovidas dende o departamento e/ou centro.

Obxectivos en relación ao entorno

- Establecer canles de comunicación fluídas con entidades do entorno, a través dos protocolos establecidos.
- Colaborar con organismos e entidades do entorno, en pro do desenvolvemento persoal e vocacional do alumnado.

4. PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS

4.1. ACCIÓNS PRIORITARIAS TRANSVERSAIS

Para o tratamento das accións prioritarias transversais, atinxirémonos ao establecido na Circular 10/2010, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, na cal se establecen as mesmas e se ditan instrucións para coordinar as actuacións dos servizos de orientación educativa e profesional en Galicia. Así, prestarase atención tal é como marca a citada circular, ás actuacións seguintes:

Relacionadas coa inclusión e a diversidade:

- Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do Proxecto Educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxes.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumnado, con intervencións inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado.
- Asesorar aos equipos de profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Asesorar ao conxunto da comunidade educativa sobre os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento e a formación profesional básica.

- Asesorar ao conxunto da comunidade educativa da educación secundaria obrigatoria sobre os programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas, sobre os programas de recuperación, sobre os programas específicos personalizados, sobre as aulas de atención educativa e convivencia e sobre os programas de habilidades sociais elaborados.

Relacionadas coa acción tutorial:

- Colaborar co profesorado titor/a no desenvolvemento de medidas contempladas no PAT, asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e no goberno dos centros.
- Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

Relacionadas coa convivencia e educación en valores:

- Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos, asesorando na elaboración do plan de convivencia do centro.
- Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento.

Relacionadas co plan de orientación, co plan anual e coa memoria de cada curso:

- Manter actualizado o plan de orientación, concretando no plan anual do departamento as actuacións previstas para o curso, os seus destinatarios, os responsables da súa execución e a temporalización correspondente.
- Realizar a memoria final do curso en base ao desenvolvemento do plan anual, cunha adecuada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.

Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade:

- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro, nos termos que se establezan.
- Asesorar á totalidade da comunidade educativa sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.

Relacionadas co drdororienta:

- Facilitar, en forma e prazo, a información que se demanda na aplicación informática drdororienta.

Relacionadas coa aprendizaxe permanente e as saídas profesionais:

- Orientar ás persoas demandantes de información sobre o procedemento do recoñecemento, avaliación e acreditación de competencias; definindo, de ser o caso, o seu itinerario formativo.

- Participar e colaborar na difusión e apoio de accións de fomento da cultura emprendedora no alumnado do centro, así como favorecerlle o coñecemento de utilización das ferramentas dispoñibles en materia de emprendemento.
- Prestar especial atención aos momentos de transición académica ou ao mundo laboral, guiando e asesorando ao alumnado nos distintos itinerarios formativos, nas validacións, na elección de materias, nas competencias para a empregabilidade e nas técnicas de busca de emprego.
- Informar ao profesorado, ao alumnado e ás familias sobre a inserción profesional, as oportunidades do mundo laboral, o autoemprego, a creación de empresas e as necesidades do contorno produtivo.
- Asesorar sobre a importancia da formación ao longo da vida para a mellora profesional ou para a incorporación ao mercado laboral.
- Orientar e asesorar para a consecución das competencias profesionais de nivel 1 conducentes a un Certificado de Profesionalidade do alumnado dos programas de cualificación profesional inicial (PCPI), de cara a unha integración sociolaboral satisfactoria; de ser o caso.
- Promover medidas tendentes á diminución do absentismo escolar e do abandono temperá dos estudos.

Relacionadas coa coordinación dos departamentos de orientación:

- Establecer mecanismos sistemáticos de coordinación entre as xefaturas dos departamentos de orientación dos centros de educación infantil e/ou primaria e os de secundarias ós que estean adscritos.
- Promover a coordinación entre as xefaturas dos departamentos de orientación e o profesorado responsable da formación e a orientación laboral, así como entre os servizos de orientación dunha mesma zona, para favorecer o desenvolvemento e a integración laboral do alumnado.

4.2. PLANIFICACIÓN XERAL. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN

A planificación xeral xirará entorno ás distintas actuacións de carácter global e a posta en marcha dos programas de intervención, que especificados para cada ámbito, serán os que seguen:

ÁMBITOS	PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN
Acción titorial	1) Actuacións xerais no ámbito da acción titorial 2) Acollida, integración e mellora da convivencia 3) Habilidades sociais 4) Educación en valores e promoción de hábitos e estilos de vida saudables
Atención á diversidade	5) Atención á diversidade, prevención e afrontamento das dificultades de aprendizaxe 6) Estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes
Orientación académica e profesional	7) Orientación vocacional

ÁMBITO DE ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial é a **actividade pedagóxica** que leva a cabo ou á práctica o equipo docente dun mesmo grupo coa intención de que o **proceso educativo se axuste** ao máximo ás **características e necesidades de tódolos alumnos/as**.

A función titorial é **inherente á función docente** e ao igual que esta persegue a formación integral da persoa, requirindo do traballo colaborativo de tódolos profesionais da educación que desenvolven a súa labor nun mesmo centro. En dita acción é fundamental o papel do D.O., pois será o encargado de elaborar o PAT tendo en conta as directrices marcadas pola CCP e participará xunto con esta na súa avaliación e seguimento. O PAT, que forma parte do Proxecto Educativo, debe ser concretado anualmente na programación elaborada polo Dpto. de Orientación. Na concreción das actividades a desenvolver para o curso actual no IES Marco do Camballón, e como é prescriptivo, temos en conta as directrices establecidas pola CCP e incorporamos as aportacións do equipo directivo e de titores/as nas reunións iniciais do curso.

A acción titorial estará dirixida a favorecer o desenvolvemento psicosocial do alumando e a optimización do proceso ensino-aprendizaxe, así como promover a coordinación docente e a colaboración coas familias. Goza na etapa da ESO e na FPB dunha hora lectiva semanal, sendo unha oportunidade única para o tratamento de elementos transversais, á marxe de que estes se traten no currículo das distintas materias. Asemade, actualmente cóntase no Bacharelato con unha hora lectiva semanal de libre disposición, que no centro se dedica ao estudo pero favorece o seguimento do alumnado e tratamento da acción titorial na mesma.

1) ACTUACIÓNS XERAIS NO ÁMBITO DA ACCIÓN TITORIAL

ACTUACIÓNS	TEMPORALIZACIÓN	IMPLICADOS/AS
Recollida de demandas e directrices de actuación.	Inicio curso	PsPd, xefatura estudos, titores/as, CCP
Planificación inicial da acción titorial e presentación da proposta.	Inicio curso	PsPd, xefatura estudos, titores/as, CCP
Concreción anual do PAT.	Inicio curso	PsPd
Atención e asesoramento ás demandas do alumnado.	Ao longo do curso	PsPd, titores/as
Atención e asesoramento ás demandas das familias.	Ao longo do curso	PsPd, familias
Reunións con titores/as para planificar, coordinar e avaliar actuacións.	Ao longo do curso	PsPd, xefatura estudos, titores/as
Recompilación, adquisición e difusión de materiais para traballar nas titorías.	Ao longo do curso	PsPd
Seguimento cos titores/as do funcionamento do grupo, programas e actividades, reaxustando a intervención ante as necesidades que vaian xurdindo.	Ao longo do curso	PsPd, xefatura estudos, titores/as
Asesoramento ás demandas dos titores/as e no desenvolvemento da acción titorial.	Ao longo do curso	PpsPd

Colaboración co equipo directivo na organización e desenvolvemento de reunións de familias.	Ao longo do curso	PsPd, E. directivo
Mantemento de contacto con institucións e organismos externos que poidan colaborar no desenvolvemento das titorías.	Ao longo do curso	PsPd, institucións e organismos
Proporcionar información aos titores/as sobre o historial escolar do alumnado, especialmente no caso de ACNEAE.	1º, 2º e 3º trimestre	D.O, titores/as
Reunións periódicas de seguimento da evolución do alumnado.	Ao longo do curso	PsPd, titores/as
Asesoramento sobre os procedementos de avaliación e participación nas xuntas de avaliación.	1º, 2º e 3º trimestre	D.O., equipo docente
Seguimento dos posibles casos de absentismo e/ou outras problemáticas.	Ao longo do curso	PsPd, titores/as, xefatura estudos
Asesoramento á ANPA.	Segundo demanda	PsPd, ANPA
Reunións grupais e individuais titor/a e familias e/ou titores/as legais	Ao longo do curso	Titores/as, familias

2) PROGRAMA DE ACOLLIDA, INTEGRACIÓN E MELLORA DA CONVIVENCIA

Xustificación

Os **centros educativos** teñen unha marcada responsabilidade de cara a favorecer a integración e participación social, en canto que son institucións non meramente instrutivas, senón que teñen un **papel formativo e socializador** clave. Así, a integración escolar favorece en boa medida a integración social do alumno/a, cuestión que non sempre resulta doada para o conxunto do alumnado, polo que é preciso atender dende os centros de forma prioritaria aos procesos de acollida, integración e convivencia.

Así se recolle tamén a nivel legal, de xeito que xa a LOE (Lei 2/2006), modificada pola LOMLOE (Lei 3/2020), fai mención específica á convivencia, sinalando que o proxecto educativo debe incluír un Plan de convivencia. A importancia da cuestión reflíctese tamén na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, que aborda por primeira vez no plano lexislativo o tratamento das situacións de acoso, referíndose tamén ás problemáticas derivadas da mala utilización das novas tecnoloxías e recolle os principios de protección integral ás vítimas. A citada lei indica no seu artigo 30, que cada centro debe incluír un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar no seu Plan de convivencia.

Por outra banda, a Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para coordinar actuacións e se establecen as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, incide na importancia da convivencia e resolución pacífica de conflitos, establecendo como unha das súas liñas de accións prioritarias as actuacións en relación coa convivencia e coa educación en valores, e entre as accións prioritarias recóllense as de asesorar á comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, accións de acollida, cambios de centro e a participación na organización e goberno dos centros.

Dada a súa importancia, contéplase o programa de acollida, integración e mellora da convivencia, que prioriza o desenvolvemento das competencias persoal, social e cidadá, atendendo tamén á implicación dos docentes e familias.

Obxectivos

Obxectivo xeral

- Crear un clima de centro positivo, baseado na participación, tolerancia e respecto.

Obxectivos específicos

- Favorecer os procesos de acollida para toda a comunidade educativa, en especial para alumnado de nova incorporación e as súas familias.
- Dar a coñecer as normas do centro e promover responsabilidade do alumnado cara o seu respecto.
- Potenciar a integración do alumnado no centro, con incidencia naqueles casos que poidan presentar maior risco polas súas condicións persoais.
- Favorecer a autoestima do alumnado e a cohesión grupal.
- Dotar ao alumnado de habilidades sociais, comunicativas e para a resolución pacífica de conflitos.
- Previr o acoso escolar e dotar á comunidade educativa de recursos para a súa detección e afrontamento.
- Promover a participación das familias no centro e no proceso educativo.

Contidos

Acollida/Recepción

- Acollida a alumnado
- Acollida a familias
- Acollida a persoal docente e non docente

Normas, dereitos e deberes

- NOF. Dereitos e deberes do alumnado. Coidado das instalacións
- Elección do/a delegado/a
- Normas do grupo

Competencia persoal, social e moral

- Autocoñecemento
- Autoestima e autoconcepto
- Integración, cooperación e cohesión grupal

Mellora da convivencia

- Asemblea de convivencia
- Resolución de conflitos. Mediación escolar
- Acoso escolar: prevención, roles e responsabilidades

Planificación

ACCIÓNS PRIORITARIAS-ACTUACIÓNS	TEMPORALIZACIÓN	IMPLICADOS/AS
Tránsito de etapa, información inicial: recollida información sobre antecedentes escolares, persoais, familiares e sociais significativos de alumnado procedente da etapa primaria.	3º trimestre	D.O, equipos directivos, titores/as do centro de procedencia.
Acollida ao alumnado procedente de Primaria: xornada de portas abertas para alumnado procedente de 6º E. Primaria	3º trimestre	D.O, equipo directivo
Acollida xeral a todo o alumnado: reunións de presentación (horarios, materiais necesarios, información sobre as normas e faltas de asistencia...).	Inicio curso	Titores/as
Acollida alumnado de incorporación tardía: Entrevista inicial co equipo directivo: recollida de información significativa sobre antecedentes escolares, persoais familiares e sociais.	No momento de solicitude de escolarización	Equipo directivo
Entrevista e estudo da documentación académica para diagnóstico inicial e elaboración do plan de actuación.	No momento de chegada	D.O., xefatura estudos e profesorado implicado
Visita guiada ao centro, presentación do titor/a, información ó grupo e presentación.	Período inicial de estancia no centro	D.O., xefatura estudos, titor/a e alumnado mediador e axudante (se fora o caso)
Acollida a alumnado que ingresa no centro comezado o curso: Entrevista inicial co equipo directivo: recollida de información significativa sobre antecedentes escolares, persoais familiares e sociais. Información ao equipo docente. Información sobre o centro e estudos. Presentación ao grupo.	Momento de chegada e incorporación ás clases	Equipo directivo D.O, xefatura estudos, titores/as
Acollida a familias e titores/as legais: Xornada de portas abertas para familias e titores/as legais de alumnado procedente de 6º E. Primaria: charla informativa sobre o centro, a ESO, matrícula e axudas para material, transporte e comedor escolar. Visita guiada polo centro.	3º trimestre	D.O, E. Directivo

<p>Acollida ás familias e titores/as legais de todo o alumnado en xeral: Xornada de recepción: información sobre o centro, oferta educativa, normas de organización e funcionamento, canles de participación das familias...</p>	Setembro	D.O, E. Directivo, titores/as
<p>Acollida ao profesorado: Presentación e visita ao centro Información sobre os principais documentos do centro, programas e proxectos que se desenvolven. Normas de convivencia e carpeta con documentación. Incorporación ao departamento didáctico: materia/s a impartir, programación didáctica, recursos do departamento, reunións...</p>	<p>No momento de chegada Inicio de curso e/ou momento de chegada Inicio de curso e/ou momento de chegada</p>	<p>E. directivo E. directivo, dinamizador da convivencia Xefe/a de departamento</p>
<p>Elección do/a delegado/a do grupo. Acta de elección do delegado/a. Normas do centro. Dereitos e deberes do alumnado. Reflexión e consenso das normas do grupo-aula. Acta de estado de aula. A importancia e responsabilidade no coidado das instalacións. Aplicación de sociogramas e análise da convivencia dos grupos. Actividades de desenvolvemento da competencia persoal, social e moral: autoconñecemento, coñecemento grupal, autoestima, autoconcepto, cohesión e cooperación.... Actividades para a mellora da convivencia. Resolución de conflitos e prevención do acoso escolar. Programa de mediación e formación do alumnado mediador. Conmemoración de efemérides</p>	<p>15 primeiros días de clase Inicio curso 1º e 3º trimestre Ao longo do curso Ao longo do curso Ao longo do curso Ao longo do curso Ao longo do curso Ao longo do curso</p>	<p>Titores/as Titores/as Titores/as Titores/as, D.O. Titores/as, D.O. Titores/as, D.O. Titores/as, D.O., equipo de mediación Titores/as, D.O., comisión de convivencia D.O</p>
<p>Coordinación con entidades externas: realización de obradoiros</p>	Ao longo do curso	D.O

Metodoloxía e Técnicas

Metodoloxía activa e participativa. Enfoque constructivista.

Técnicas: dinámicas de grupos, charlas, videoforums, dramatizacións, sociogramas, estudo de casos...

Avaliación do programa

Partirase da valoración inicial do estado da convivencia no centro, tendo en conta o estado da mesma no curso anterior. Dende ese punto de partida, farase un seguimento continuo das actuacións desenvolvidas no marco do programa nas reunións semanais de titoría, reunións da comisión de convivencia, aportacións do equipo docente...Teranse en conta para a valoración da eficacia, eficiencia e suficiencia das actuacións indicadores tales como o número de expedientes, apercibimentos e sancións, a participación do alumnado na mediación escolar, a súa implicación nas actividades de promoción da convivencia, a mellora do clima de centro e aula e a redución no número de conflitos.

3) PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

Xustificación

A Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para alumnado da ESO, establece que o orientador/a do centro debe elaborar un **programa básico de habilidades sociais**, que contemple, ademais, actuacións para o desenvolvemento cognitivo, o autoconhecimento e a mellora da autoestima; programa que se incorporará ao plan de acción tutorial, de tal xeito que todo o alumnado empregue ou incorpore estratexias para comunicarse e enfrontar adecuadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social.

Asemade, o artigo 19 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, establece que o departamento de orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas e/ou para o alumnado que temporalmente se vexa privado do seu dereito de asistencia ao centro, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Menciónase a idoneidade que que as familias, servizos sociais e titores/as participen nestes programas, implicando ao resto do profesorado.

Xa que logo, resulta crucial o adestramento en habilidades sociais, tanto a nivel de desenvolvemento persoal como pola súa repercusión positiva na mellora da convivencia no centro e na integración social. Os beneficios dunha **competencia social axeitada** redundan positivamente na **adaptación escolar, social e psicolóxica do individuo**. Por este motivo, e en pro do desenvolvemento da competencia social, persoal e cívica do alumnado, traballarase as habilidades sociais a través da acción tutorial, tomando como referencia o establecido no programa de habilidades sociais contido no Plan de convivencia do centro e tendo en conta que algúns aspectos relativos ás mesmas (autoestima, autoconceito, resolución de conflitos...), serán abordados tamén no marco do programa de acollida, integración e mellora da convivencia da presente programación.

Obxectivos

Obxectivo xeral

- Favorecer a adquisición de habilidades sociais básicas e o desenvolvemento dunha competencia individual, social e emocional axeitada que promovan a adaptación escolar, social e psicolóxica do individuo.

Obxectivos específicos

- Dotar de habilidades e estratexias comunicativas que permitan ao alumnado facer fronte ás situacións de interacción social e de resolución de conflitos.
- Promover o respecto, integración e convivencia no centro e aula.
- Estimular o desenvolvemento nas diferentes dimensións da persoa.
- Favorecer o recoñecemento e manexo de sentimentos e emocións propias e alleas.
- Desenvolver a empatía e asertividade.
- Adquirir unha capacidade de reflexión sobre a conduta.
- Desenvolver actitudes positivas e de responsabilidade individual e colectiva, en tódolos contextos.
- Tolerar, respectar e valorar as diferenzas individuais.
- Mellorar a autoestima e autoconcepto do alumnado.
- Desenvolver a capacidade para tomar decisións de forma reflexiva e crítica.
- Cooperar coas familias

Contidos

Habilidades sociais básicas na interacción social

- Presentación, saúdo e despedida
- Inicio, mantemento e finalización da conversación
- Cortesía e amabilidade
- Dar as grazas
- Pedir desculpas
- Pedir favores

Habilidades sociais complexas relacionadas coa comunicación

- Autoestima
- escoita activa
- Empatía
- Estilos de comunicación. Asertividade
- Apertura de mente. Os prexuízos

Habilidades relacionadas cos sentimentos, emocións e opinións

- Identificación e expresión das emocións e sentimentos
- Conciencia e manexo das emocións. Control emocional. Autocontrol
- Expresión e defensa dos propios dereitos e opinións

Habilidades na solución de problemas interpersoais

- Identificación de problemas interpersoais
- Expresión de queixas ou desacordos de forma asertiva
- Negociación, diálogo e respecto

Planificación

ACCIÓN PRIORITARIA - ACTUACIÓN	TEMPORALIZACIÓN	IMPLICADOS/AS
Posta en marcha dos procesos de acollida a alumnado, familias e profesorado.	3º e 1º trimestre ou no momento da incorporación,	D.O, E. Directivo, titores/as

Recompilación de materiais e posta a disposición dos titores/as para o desenvolvemento do programa Contacto con entidades externas para a realización de obradoiros: educación emocional, estilos de comunicación, solución de conflitos....	segundo o pautado no programa de acollida Ao longo do curso	D.O.
	Ao longo do curso	D.O, axentes externos

Metodoloxía e técnicas

Metodoloxía activa e participativa. Enfoque constructivista

Técnicas: modelado, dramatizacións, visionados, autoobservación da conduta, técnicas de modificación da conduta, aprendizaxe cooperativa, dinámicas de grupos...

Avaliación do programa

A avaliación será continua ao longo da posta en marcha das distintas actuacións, tendo en consideración as opinións e consideracións do profesorado nas distintas reunións, en especial a aportación dos docentes nas reunións semanais de coordinación e seguimento das titorías. Terase en conta como indicadores para a valoración da eficacia e idoneidade do programa a mellora progresiva na utilización de estratexias comunicativas que favorezan a asertividade e respecto nas relacións intra e interpersoais.

4) PROGRAMA DE EDUCACIÓN EN VALORES E PROMOCIÓN DE HÁBITOS E ESTILOS DE VIDA SAUDABLES

Xustificación

Os aspectos afectivo-emocionais foron tradicionalmente esquecidos no sistema educativo. O sistema tradicional impulsaba a instrución, antepoñendo a aprendizaxe de contidos teóricos, de xeito que as cuestións transversais e os aspectos afectivo-emocionais quedaban relegados a un posto secundario. Esta concepción mudou cualitativamente a partir da década dos noventa, cando a orientación pasa a converterse nun factor de calidade do sistema educativo, un principio e un dereito do alumnado, sendo unha función inherente á función docente. Estes aspectos mantéñense hoxe en día, e o **sistema educativo** pasa a ser un **axente de cambio** que **pretende o desenvolvemento integral das persoas**, de xeito que debe favorecer a formación do individuo en tódolos ámbitos, procurando que este se desenvolva de forma adecuada na sociedade, de maneira autónoma, crítica e saudable.

Asemade, os propios cambios sociais, a diversidade imperante nos distintos eidos así como as características propias da etapa adolescente na que aparecen novas formas de relación, o idealismo, a identificación cos iguais, o egocentrismo....fan preciso **ofrecer** á rapazada **modelos de identificación positivos** e **promover o pensamento crítico e a capacidade para a toma de decisións responsables**. Neste senso, a LOMLOE (Lei 3/2020), que modifica parcialmente a LOE (Lei 2/2006), sinala no artigo 71 que as Administracións educativas disporán dos medios necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual,

social e emocional. Así mesmo, o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia, sinala no artigo 7, relativo aos obxectivos da etapa, que é preciso “fortalecer as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.” A formación en capacidades que garantan ao alumnado unha educación en valores, tamén constan nos obxectivos indicados no Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo do Bacharelato.

Xa que logo, dadas as necesidades da sociedade actual, faise preciso a procura da formación integral que garanta o desenvolvemento equilibrado das persoas e cohesión social, ao que os D.O poden aportar o asesoramento na implementación de programas coma o presentado, conducente ao desenvolvemento das competencias persoal, social e cívica do alumnado.

Obxectivos

Obxectivo xeral

- Desenvolver a competencia emocional, os hábitos e estilos de vida saudables e a igualdade de xénero.

Obxectivos específicos

- Concienciar sobre as novas tecnoloxías promovendo un uso responsable das mesmas.
- Previr o consumo de sustancias aditivas e informar das súas consecuencias.
- Proporcionar unha educación afectivo-sexual libre de estereotipos sexistas, baseada nos valores de respecto mutuo e autonomía persoal, que contribúa a unha educación para a igualdade entre homes e mulleres.
- Fomentar a prevención de cara a embarazos no desexados e ETS.
- Favorecer o respecto cara as diferentes identidades e orientacións sexuais, previndo a homofobia, transfobia e bifobia.
- Impulsar a educación para a igualdade entre homes e mulleres.
- Contribuír á erradicación da violencia de xénero propoñendo formas de relación xustas e igualitarias.
- Promover o coidado e respecto propio e sobre medio.
- Favorecer o consumo e ocio responsables.
- Favorecer hábitos alimenticios que inflúan positivamente na saúde.
- Informar e previr acerca dos trastornos alimenticios.
- Favorecer a autonomía persoal.
- Potenciar a responsabilidade social.
- Potenciar un estilo de vida que favoreza o benestar físico, psíquico e social.
- Promover a organización responsable do tempo libre e de descanso.
- Favorecer o ocio saudable como alternativa a actividades prexudiciais durante o tempo libre.
- Desenvolver o pensamento crítico para a capacitación na toma de decisións.
- Promover a implicación e capacitación das familias na educación dos seus fillos/as.

Contidos

As novas tecnoloxías. Riscos na súa utilización e prevención

- Ciberacoso ou cyberbullying
- Ciberviolencia de xénero
- Grooming
- Sexting
- Phishing
- Suplantación de identidade
- Tecnoadición ou ciberadición

Prevención de drogodependencias

- Tipos de drogas: alcol, tabaco e outras sustancias aditivas
- Consecuencias do consumo de drogas. Adicións

Afectividade e sexualidade

- Contemplación do propio crecemento. Diferenzas anatómicas entre sexos
- Afectividade e sexualidade
- Identidade e orientación sexual
- Prevención: métodos anticonceptivos e enfermidades de transmisión sexual
- Interrupción do embarazo: voluntaria/involuntaria. Aspectos legais actuais.

Igualdade de xénero

- Roles de xénero e estereotipos
- Violencia de xénero e tipos
- Mitos do amor romántico. Estereotipos
- As relacións adolescentes. Influencia das novas tecnoloxías

Diversidade

- Distintos tipos de diversidade: cultural, funcional, afectivo-sexual
- Tolerancia e respecto ante a diversidade
- Normalización e inclusión

Medioambiente e saúde

- A limpeza no entorno
- Utilización de papeleiras e mantemento do bo estado do centro
- A reciclaxe

Educación para o consumo

- Influencia dos medios de comunicación de masas
- Valoración de experiencias fronte a cuestións materiais
- Diñeiro e consumo

Alimentación

- Hábitos alimentarios. Dieta saudable
- Riscos e consecuencias de dietas non saudables: obesidade, anemia, fatiga, cambios anímicos....
- Trastornos da alimentación

Saúde mental

- Saúde mental, enfermidade e/ou trastorno mental
- Factores que afectan á saúde mental e consecuencias

- Saúde mental e calidade de vida
- Factores protectores e factores de risco na saúde mental

Actividade física, ocio e tempo libre

- Ocio activo fronte a ocio pasivo. A actividade física como fonte de saúde
- Ocio alternativo e ocio inclusivo
- Novas tecnoloxías no ocio

Planificación

ACCIÓNS PRIORITARIAS-ACTUACIÓNS	TEMPORALIZACIÓN	IMPLICADOS/AS
Charlas, talleres e obradoiros sobre temáticas varias: novas tecnoloxías, drogas e alcol, igualdade de xénero, acoso escolar, sexualidade, trastornos alimentarios, educación emocional, relaxación...	Ao longo do curso	Titores/as, D.O., axentes externos
Recompilación, elaboración e difusión de material para traballar temas transversais nas titorías.	Ao longo do curso	D.O
Conmemoración de efemérides	Ao longo do curso	D.O, titores/as, comisión de convivencia

Metodoloxía e técnicas

Metodoloxía activa e participativa. Enfoque constructivista.

Técnicas: charlas, elaboración de murais, obradoiros, dinámicas de grupos...

Avaliación do programa

A avaliación das actuacións levarase a cabo de forma procesual. Partirase das necesidades detectadas nos distintos niveis e grupos para a selección das temáticas a traballar, tendo en conta tamén a abordaxe dos contidos en función do nivel de madureza do alumnado ao que van destinados os mesmos. A partir de aí, a valoración do programa farase de forma continua mediante observación e intercambio de informacións entre os participantes implicados, co fin de valorar a efectividade das medidas desenvolvidas, tendo en conta para unha valoración positiva o desenvolvemento do espírito crítico no alumnado, a capacidade de toma de decisións responsables e o incremento da solidariedade e responsabilidade individual e social.

ÁMBITO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade é unha cuestión que non sempre foi contemplada no sistema educativo, de maneira que os alumnos con necesidades eran excluídos cunha atención educativa aparte. Esta concepción comezou a cambiar a partir da década dos sesenta, grazas en gran parte a dous aspectos fundamentais que explican o paso dunha escola segregacionista a unha de tipo integrador. Estes feitos son os movementos de integración dos países nórdicos e a publicación do Informe Warnock no 1978, que entende as necesidades educativas especiais (n.e.e.) como un contínuum e a Educación Especial como un recurso para a atención a estas necesidades, avogándose polos principios de normalización, individualización e sectorización.

Así pois, na actualidade téndese cara a **inclusión**, tal como se afirma na LOE, modificada pola LOMLOE, que trata as necesidades no seu Título II baixo a denominación de necesidades específicas de apoio educativo, termo no que se inclúen a aqueles alumnos/as que durante parte ou toda a escolaridade precisan dunha atención educativa distinta á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por encontrárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Así pois, e tendo en conta que as **necesidades** son un **continuo** que van **dende necesidades ordinarias ata outras de carácter máis extraordinario**, a atención ás mesmas é fundamental, a fin de garantir o correcto desenvolvemento e a integración escolar e social. Xa que logo, e a prol de satisfacer e suplir na medida do posible as necesidades educativas de todo o alumnado, tratarase de prestar dende o centro a mellor atención posible á diversidade, desenvolvendo as actuacións que sexan necesarias e dispoñendo dos recursos precisos para elo.

5) PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE, PREVENCIÓN E AFRONTAMENTO DAS DIFICULTADES DE APRENDIZAXE

Xustificación

A **diversidade** é recoñecida actualmente como **positiva e enriquecedora** no marco da calidade total dos centros educativos. O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, intereses, estilos e ritmos de aprendizaxe...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado. A atención á diversidade require do **traballo coordinado e colaborativo** entre os membros do equipo docente e a **dotación dos recursos** precisos para atender singularmente ó alumnado que o precise, sendo a aula ordinaria o referente principal.

Neste sentido, o Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que o obxectivo educativo de conseguir que tódalas persoas consigan o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite **unha educación adaptada ás súas singularidades**, que se lles garanta unha **igualdade efectiva de oportunidades** e que se lles ofrezan os **recursos necesarios**, tanto ó alumnado que o precise como ós centros nos que se escolariza.

Xa que logo, o reto consiste en ser quen de ofrecer a cada alumno a **axuda pedagóxica** que precise, **axustando a intervención educativa á súa individualidade como persoa**. Neste marco, no que a realidade educativa é complexa e o alumnado diverso, a atención á diversidade debe entenderse dende os seguintes achegamentos:

- As diferenzas individuais no proceso de aprendizaxe constitúen un aspecto da condición humana. A diversidade é, polo tanto, unha característica de tódolos alumnos/as e non só duns poucos.
- Tódolos alumnos/as necesitan axudas psicopedagóxicas ó longo da súa escolarización, ben sexan de tipo persoal, técnico ou material. Polo tanto, o factor que marca as diferenzas fai referencia ao tipo e grao de axudas precisas.

- As necesidades educativas do alumnado preséntanse sempre asociadas ás condicións persoais e particulares, froito dunha interacción entre o individuo e o seu entorno físico-social-cultural.

Así pois, o IES Marco do Camballón, dende o seu espazo propio de autonomía, e tendo en conta a diversidade de intereses, características e situacións persoais do alumnado, deberá adecuar a actividade educativa ás circunstancias concretas e ás características concretas do entorno. Neste sentido, cómpre indicar que establecerase unha concreción anual do Plan de Atención á Diversidade, no que se indicarán as actuacións que levará a cabo o centro para atender á diversidade, actualizando as medidas e datos correspondentes. Este plan será de referencia obrigada para as actuacións do departamento en materia de atención á diversidade, así como o establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Obxectivos

Obxectivo xeral

- Mellorar e optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe mediante a individualización da ensinanza e a adopción de medidas de atención á diversidade que permitan dar resposta ás necesidades presentadas en cada caso.

Obxectivos específicos

- Mellorar e optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.
- Dar resposta ás necesidades educativas do alumnado a través dos recursos e servizos dispoñibles.
- Asesorar ao profesorado no deseño, elaboración e posta en práctica de medidas de atención á diversidade.
- Unificar criterios e procedementos para a elaboración, desenvolvemento e seguimento das distintas medidas de atención á diversidade.
- Promover o traballo colaborativo entre os docentes e a súa implicación efectiva no tratamento positivo do alumnado con NEAE.
- Implicar ás familias no proceso educativo dos seus fillos/as, con especial incidencia nas familias de alumnos/as con NEAE.

Contidos

Diversidade e necesidades educativas

- Diversidade no alumnado: capacidades, intereses e motivación
- Necesidades específicas de apoio educativo: necesidades educativas especiais, atraso madurativo, trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, trastornos de atención ou de aprendizaxe, descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, situación de vulnerabilidade socioeducativa, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou condicións persoais ou de historia escolar

Medidas de atención á diversidade

- Medidas ordinarias
 - o Desdobramentos de grupos

- Exención da 2ª lingua estranxeira
- Reforzo educativo
- Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria
- Programas de enriquecemento curricular
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas
- Programas de seguimento de alumnado con materias pendentes
- Programas de recuperación de materias suspensas
- Programas específicos personalizados
- Programas de habilidades sociais e mellora da convivencia
- Medidas extraordinarias e modalidades de escolarización distintas á ordinaria
 - Adaptacións curriculares significativas
 - Agrupamentos flexibles
 - Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica
 - Flexibilización da duración do período de escolarización
 - Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento
 - Grupos de adquisición de linguas
 - Grupos de adaptación da competencia curricular
 - Atención educativa ó alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo
 - Atención educativa domiciliaria ou hospitalaria
 - Formación Profesional Básica
 - Modalidade de escolarización combinada

Planificación

ACTUACIÓNS	TEMPORALIZACIÓN	IMPLICADOS/AS
Participación e asesoramento na avaliación inicial.	1º trimestre	D.O
Revisión de expedientes e informes do alumnado para a detección de necesidades educativas.	1º trimestre	D.O
Elaboración da concreción anual do PXAD.	1º trimestre	D.O
Coordinación na adopción de medidas de resposta ás necesidades educativas.	Ao longo do curso	D.O, xefatura de estudos e docentes
Coordinación entre o profesorado e especialistas en PT.	Ao longo do curso	D.O e docentes
Coordinación con titores/as.	Ao longo do curso	D.O, XE e titores/as
Asesoramento na elaboración de programacións didácticas e na adopción de metodoloxías inclusivas e de resposta óptima ás necesidades.	Ao longo do curso	D.O
Asesoramento sobre criterios metodolóxicos e prevención das dificultades de aprendizaxe.	Ao longo do curso	D.O
Asesoramento sobre a resposta educativa de atención á diversidade.	Ao longo do curso	D.O

Seguimento das medidas de atención á diversidade adoptadas.	Ao longo do curso	D.O, titores/as e docentes
Participación nas sesións de avaliación.	1º, 2º e 3º trimestre	D.O, E.D, docentes
Colaboración con PT	Ao longo do curso	PsPd e PT
Realización de avaliacións psicopedagóxicas.	Ao longo do curso	PsPd, coa colaboración do equipo docente
Entrevistas con alumnado, familias e profesorado.	Ao longo do curso	D.O
Información ás familias sobre as medidas de atención á diversidade adoptadas e posibles.	Ao longo do curso	D.O, equipo directivo e titores/as
Seguimento do alumnado e información ás familias sobre a súa evolución.	Ao longo do curso	D.O, titores/as
Asesoramento individualizado ás familias, especialmente naqueles casos de familias de alumnado con NEAE.	Ao longo do curso	D.O
Colaboración co EOE no desenvolvemento de distintas actuacións, se fora o caso.	Ao longo do curso	D.O, docentes
Comunicación, coordinación e recadación de informes sobre alumnado que ingresa na ESO procedente dos centros adscritos a nivel de admisión do Concello.	3º trimestre	D.O, equipo directivo
Elaboración de programas específicos de intervención.	Ao longo do curso	D.O
Elaboración de materiais didácticos para a intervención con ACNEAE.	Ao longo do curso	D.O
Adquisición de material de apoio.	Ao longo do curso	D.O

Establecidas as actuacións principais no eido da atención á diversidade, convén ter en conta as principais necesidades que se poden dar en calquera centro, as cales se relacionan na táboa seguinte, indicando documentos de consulta de interese ao respecto:

NECESIDADES	PROTOCOLOS DA CONSELLERÍA e OUTRAS
NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	
Discapacidade intelectual	<p>“Protocolo para a atención educativa do alumnado coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual”</p> <p>https://www.edu.xunta.gal/portal/node/25286</p> <p>“Orientacións e respostas educativas: Alumnado con discapacidade intelectual”</p> <p>http://www.edu.xunta.es/portal/node/3644</p>
Discapacidade motora	<p>“Orientacións e respostas educativas: Alumnado con discapacidade motora”.</p> <p>https://www.edu.xunta.gal/portal/node/3647</p>
Discapacidade visual	<p>“Orientacións e respostas educativas: Alumnado con discapacidade visual”.</p> <p>https://www.edu.xunta.gal/portal/node/3648</p>

Discapacidade auditiva	<p>“Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva”</p> <p>https://www.edu.xunta.gal/portal/node/27080</p>
Trastorno do espectro autista (TEA)	<p>“Protocolo de tratamento educativo do alumnado con Trastorno do Espectro Autista (TEA)”.</p> <p>https://www.edu.xunta.gal/portal/node/18477</p> <p>“Orientacións e respostas educativas: Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento”</p> <p>http://www.edu.xunta.es/portal/node/3655</p> <p>http://www.edu.xunta.es/portal/node/3703</p>
Trastornos graves de conduta	<p>“Orientacións e respostas educativas: Alumnado con problemas de conduta”.</p> <p>https://www.edu.xunta.gal/portal/node/3649</p> <p>Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/portal/convivencia</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal</p>
ALTAS CAPACIDADES	
Altas capacidades	<p>“Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais”</p> <p>https://www.edu.xunta.gal/portal/node/28890</p> <p>“Orientacións e respostas educativas: Alumnado con sobredotación intelectual”</p> <p>http://www.edu.xunta.es/portal/node/3700</p> <p>http://www.edu.xunta.es/portal/node/3630</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/144</p>
TDAH	
Trastorno por déficit de atención e hiperactividade	<p>“Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario”</p> <p>http://www.edu.xunta.es/portal/node/13546</p>
DIFICULTADES DE APRENDIZAXE	
Dificultades específicas de aprendizaxe	<p>“Orientacións e respostas educativas: Alumnado con trastornos da aprendizaxe”</p> <p>https://www.edu.xunta.gal/portal/node/3656</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/409</p>
Dislexia e outras dificultades específicas de aprendizaxe	<p>“Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe”.</p> <p>https://www.edu.xunta.gal/portal/node/30104</p>
INCORPORACIÓN TARDÍA	
Incorporación tardía	<p>Alumnado de incorporación tardía (procedente do estranxeiro):</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/146</p>
CONDICIÓN PERSOAIS E/OU HISTORIA ESCOLAR	
Ambientes desfavorecidos marxinais	<p>Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar</p>

	http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/410 Instituto Galego para a Xestión do Terceiro Sector Igaxes3 http://www.igaxes.org/?lang=es
Etnia xitana	Programas e plans: http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/412 http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3791
Atención educativa domiciliaria	http://www.edu.xunta.gal/portal/node/17722
Atención educativa hospitalaria	Artigo 25 do Decreto 229/2011 https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20111221/AnuncioC3F1-151211-9847_es.html

Previsión inicial alumnado NEAE no IES Marco do Camballón para o curso 2024/2025

Nas táboas seguintes dáse conta do número de alumnado por etapa e curso con NEAE, sendo **clasificado só pola súa problemática dominante**, se ben en moitos dos casos, pode levar outras dificultades apareladas (comorbilidade) ou ser o resultado da combinación de varias delas :

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA										
CURSO	TOTAL ALDO.	ALDO. NEAE	TIPO NEAE							
			NEE, atraso madurativo ttnos lgxe.	TDAH	Ttnos. apxe.	Descoñ. grave da lingua	Vulnerabilidade socioeducativa	AACC	Incorporación tardía	Condições persoais ou de historia escolar
1º	34	7		1	2	1	2	1		
2º	26	11		2	3		3		2	1
3º	25	7	2	3	2					
4º	38	11	2	3	3				3	
<i>Totais</i>		36	4	9	10	1	5	1	5	1

BACHARELATO										
CURSO	TOTAL ALDO.	ALDO. NEAE	TIPO NEAE							
			NEE, atraso madurativo ttnos lgxe.	TDAH	Ttnos. apxe.	Descoñ. grave da lingua	Vulnerabilidade socioeducativa	AACC	Incorporación tardía	Condições persoais ou de historia escolar
1º	20	2	1	1						
2º	30	4	1	1					1	1
<i>Totais</i>		6	2	2					1	1

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA										
CURSO	TOTAL ALDO.	ALDO. NEAE	TIPO NEAE							
			NEE, atraso madurativo ttnos lgxe.	TDAH	Ttnos. apxe.	Descoñ. grave da lingua	Vulnerabilidade socioeducativa	AACC	Incorporación tardía	Condicións persoais ou de historia escolar
1º	6	5		2	1			1		1
2º	4	3	1	1	1					
<i>Totais</i>		8	1	3	2			1		1

FORMACIÓN PROFESIONAL GRAO MEDIO ¹										
CURSO	TOTAL ALDO.	ALDO. NEAE	TIPO NEAE							
			NEE, atraso madurativo ttnos lgxe.	TDAH	Ttnos. apxe.	Descoñ. grave da lingua	Vulnerabilidade socioeducativa	AACC	Incorporación tardía	Condicións persoais ou de historia escolar
1º	20									
2º	18	2			1			1		
<i>Totais</i>		2			1			1		

Metodoloxía e técnicas

O programa desenvolverase ao longo do curso adoptando distintas medidas para a atención á diversidade en función das casuísticas e necesidades presentadas polo alumnado. Servirémonos das distintas reunións ao longo do curso para a detección das necesidades en materia de diversidade (reunións de avaliación, reunións con especialista en pedagogía terapéutica, reunións con titores/as...), así como aquelas que sexan comunicadas polo equipo docente ou detectadas dende o propio departamento.

Avaliación do programa

A avaliación inicial realizarase tendo en conta os informes do alumnado do curso anterior e os resultados da avaliación inicial do curso, datos a partir dos cales se establecerán as medidas que cumpra. Ao longo do curso farase seguimento das medidas adoptadas, levando a cabo os cambios ou modificacións que sexan precisas ou adoptando outras medidas de ser necesario. A valoración final establecerase coincidindo coas sesións de avaliación final ordinaria e/ou extraordinaria, tendo en conta indicadores como o grao de superación das materias, a evolución do alumnado e o índice de promoción.

6) PROGRAMA DE ESTRATEXIAS DE ESTUDO E AFRONTAMENTO DAS APRENDIZAXES

Xustificación

A **redución do fracaso escolar** xunto co **desenvolvemento de competencias clave** por parte do alumnado é un dos eixes fundamentais da maioría das políticas educativas que se desenvolven actualmente. Trátase dun fenómeno complexo que é preciso contextualizar en cada situación e realidade, e no que se fai imprescindible o desenvolvemento de accións coordinadas, coa implicación de tódolos axentes educativos.

¹ CM de Atención a Persoas en Situación de Dependencia e CM de Soldadura e Caldeiraría

O programa que se presenta pretende a capacitación e a adquisición por parte do alumnado de técnicas e estratexias de estudo, dende unha óptica constructivista, onde o alumno é un axente activo da súa aprendizaxe. O obxectivo básico do programa contéplase a nivel legal na LOE (Lei 2/2006), onde se indica entre os fins da educación, artigo 2 h): “a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos”, aspecto que se mantén na LOMLOE (Lei 3/2020).

Xa que logo, debendo prestar atención a este tipo de cuestións é imprescindible ter presente as funcións da orientación neste eixo, de maneira que tal como se recolle no Decreto 120/1998, entre as funcións da orientación atópanse a de deseñar accións encamiñadas á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos/as. É por iso que a través do programa preténdese contribuír ao desenvolvemento da **capacidade** do alumno/a **para realizar aprendizaxes de forma autónoma e reflexiva**, á vez que contribuír a que acadade o éxito académico, mediante o desenvolvemento principalmente das competencias clave persoal, social e de aprender a aprender, á vez que se estimulan outras como a competencia en comunicación lingüística e competencia matemática e en ciencia e tecnoloxía.

Obxectivos

Obxectivo xeral

- Potenciar a capacidade de aprender a aprender e a construción activa das aprendizaxes

Obxectivos específicos

- Desenvolver hábitos e técnicas que permitan un estudio eficaz.
- Fomentar unha actitude activa e responsable ante o estudio.
- Desenvolver estratexias de adquisición, asimilación e recuperación da información.
- Aplicar as técnicas de traballo intelectual a distintos ámbitos do coñecemento.
- Favorecer o desenvolvemento e mellora de estratexias e habilidades do pensamento.
- Favorecer a implicación do alumnado nas aprendizaxes escolares.
- Potenciar a implicación dos pais no estudio dos fillos/as e dotalos de estratexias para favorecer dita implicación.
- Proporcionar asesoramento docente e procurar a integración curricular dos contidos do programa.

Contidos

Factores influentes no proceso de aprendizaxe

- Factores que inflúen no éxito académico: aptitudes e capacidades, coñecementos previos, motivación, técnicas e hábitos de estudo, concentración e atención.
- Influencia dos factores externos no estudio: lugar, temperatura, ruído, iluminación, mobiliario e postura.

Organización e hábito do estudio

- A planificación e a súa importancia: obxectivos do estudo, horario e axenda
- Memoria e esquecemento
- Hixiene mental: fatiga, exercicio físico, sono e descanso, alimentación

Técnicas de estudio

- Técnicas básicas para un estudio activo: lectura exploratoria, lectura comprensiva, toma de notas, subliñado, esquemas, resumo, memorización e repaso.
- Técnicas de perfeccionamento: rexistro (toma de apuntes, códigos e abreviaturas), extracción e organización (clasificacións, mapas conceptuais), técnicas de representación gráfica (histogramas, cronogramas e frisos históricos), técnicas de memorización (mnemotecnias), técnicas de demostración (elaboración de monografías, preparación de exames) e técnicas de regulación afectiva-emocional (a respiración, técnicas de relaxación).

Planificación

ACTUACIÓNS	TEMPORALIZACIÓN	IMPLICADOS/AS
Reflexión e cuestionarios sobre hábitos de estudo.	1º trimestre	Titores/as, D.O
Sesións sobre os factores influentes no estudo, organización e planificación.	1º trimestre	Titores/as, D.O
Prácticas sobre técnicas de estudo. Integración das técnicas de estudo no ámbito das distintas materias.	Ao longo do curso	Titores/as, equipo docente
Recompilación e elaboración de materiais relativos aos contidos do programa e a súa difusión a profesorado, alumnado e/ou familias.	1º trimestre	D.O
Asesoramento individualizado aos membros da comunidade educativa que o soliciten.	Ao longo do curso	D.O

Metodoloxía e técnicas

Metodoloxía activa e participativa. Enfoque constructivista.

Técnicas: difusión de materiais, charlas e obradoiros.

Avaliación do programa

O programa avaliarase de forma continua. Partirase dunha detección inicial de necesidades, tendo en conta os informes previos, as calificacións e evolución académica do alumnado en cursos anteriores. Farase un seguimento continuo do programa a través da análise dos resultados escolares, evolución académica do alumnado e aportacións do equipo docente nas distintas reunións. Os resultados das actuacións mediranse tendo en conta os indicadores anteriores, e considerando os mesmos para a planificación do vindeiro curso e a introdución de propostas de mellora.

ÁMBITO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

A orientación académica e profesional debe entenderse como un **proceso** que se desenvolve ao longo de toda a etapa secundaria, adquirindo unha especial relevancia en cursos terminais e naqueles en que a elección entre distintas opcións poidan condicionar o futuro

académico e profesional do alumnado. Trátase dun proceso no que o alumnado require de **acompañamento** na elaboración do seu propio proxecto persoal de vida, potenciando a toma de decisións pertinentes e adecuadas froito da reflexión.

A lexislación educativa actual faise eco da importancia da orientación académica e profesional e recalca a mesma especialmente na etapa secundaria. O departamento de orientación ten un papel relevante neste aspecto, debendo elaborar as propostas para a súa organización e funcionamento, colaborando coa xefatura de estudos na súa coordinación, asesorando e apoiando aos titores/as no desenvolvemento das súas funcións e realizando asesoramento directo a familias e/ou titores/as legais para facilitar a toma de decisión respecto do itinerario académico e profesional.

7) PROGRAMA DE ORIENTACIÓN VOCACIONAL

Xustificación

O **sistema educativo** actual presenta un entramado cada vez máis **complexo**, ao poder optar por **diferentes alternativas** de entre as ofertadas, e ademais, o noso sistema caracterízase tamén por estar en constante cambio debido ás continuas reformas educativas.

Por outra banda, no relativo ao **mercado laboral** temos que sinalar que debido a cambios de tipo social, económico e tecnolóxico, atopámonos cun mercado caracterizado pola **flexibilidade laboral** e a aparición de novos sectores de traballo, un mercado cada vez máis **competitivo e restrinxido** caracterizado pola **mobilidade e temporalidade**.

Deste xeito, fanse **necesarios procesos orientadores planificados e continuos**, dende o inicio da escolaridade, que formen ao alumnado na adquisición de destrezas e habilidades para a inserción sociolaboral; procesos que cobran **especial relevancia na etapa secundaria**, polo **carácter terminal** da mesma.

Así, na etapa secundaria comeza para o alumnado un curso de decisións a adoptar que non terá fin, prolongándose ao longo da vida, incluso unha vez insertos no mercado de traballo, pois na actualidade a formación é un continuo, polo que a persoa terá que valorar permanentemente cal é a mellor opción formativa, e desta maneira, a **toma de decisións** non ten fin.

A LOE (Lei 2/2006), modificada pola LOMLOE (Lei 3/2020), reconece entre os seus principios, no artigo 1, *“a orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores”*. A importancia da orientación tamén se recalca no artigo 22, no que se destaca que se prestará especial atención á orientación educativa e profesional na ESO, incluíndo a perspectiva de xénero, e no artigo 26, no que se entende a orientación académica e profesional como fundamental na etapa. Neste marco, faise fundamental a elaboración de programas específicos, que capaciten ao individuo nas competencia emprendedora, persoal, social e de aprender a aprender.

Obxectivos

Obxectivo xeral

- Favorecer o desenvolvemento vocacional do alumnado mediante a consecución da madurez vocacional e a autoorientación ao longo da vida.

Obxectivos específicos

- Propiciar no alumnado o autocoñecemento, o coñecemento da estrutura do sistema educativo e do sistema laboral.
- Capacitar ao alumno para a toma de decisións responsables en materia vocacional.
- Dar a coñecer as técnicas e vías de inserción laboral.
- Implicar ao profesorado na integración curricular da orientación académico-profesional.
- Fomentar a participación do profesorado na orientación académico-profesional do alumnado.
- Asesorar ás familias sobre a orientación vocacional dos seus fillos/as.
- Impulsar a implicación das familias na orientación académico-profesional dos seus fillos/as.

Contidos

Autocoñecemento

- Autoestima e autoconcepto
- As capacidades e a traxectoria escolar
- Os intereses, afeccións, motivacións
- O contexto sociocultural e familiar

Coñecemento do sistema formativo

- Optatividade de materias e itinerarios
- Continuación de estudos: tránsito, acceso e admisión
- Outras opcións: educación non formal e ensinanzas profesionais de réxime especial
- As axudas existentes
- O proxecto formativo persoal

Coñecemento do mercado laboral

- Os campos profesionais e as distintas profesións
- Entidades relacionadas co emprego: Servicio Galego de Colocación (SGC), Instituto Nacional de Emprego (INEM), confederacións de empresarios, oficinas de emprego comarcais e municipais...

Proceso de toma de decisións

- Os estilos de toma de decisións
- Os condicionantes do proceso de toma de decisións
- As fases e modelos do proceso de toma de decisións

Inserción sociolaboral

- Técnicas de busca de emprego: curriculum vitae, carta de presentación
- As habilidades sociais no traballo
- A entrevista persoal
- Vías de acceso ao emprego: axencias de colocación, empresas de traballo temporal, portais de emprego, rede de contactos

Lexislación laboral e prevención de riscos laborais

- O dereito ao traballo. Dereitos e deberes
- O contrato de traballo. Tipos, duración e extinción

- O salario
- O paro
- A seguridade social: estrutura, prestacións...
- Os convenios colectivos
- Prevención de riscos laborais
- Os primeiros auxilios na empresa

Planificación

ACCIONES PRIORITARIAS-ACTUACIONES	TEMPORALIZACIÓN	IMPLICADOS/AS
Elaboración, adquisición e difusión de materiais e trípticos informativos.	2º e 3º trimestre	PsPd, titores/as, profesorado
Actualización do taboleiro informativo do centro en materia de orientación vocacional (becas, probas de acceso a ciclos formativos, probas libres...)	Ao longo do curso	D.O
Difusión de información relevante no eido da orientación académico-profesional a través da web do centro e redes sociais do departamento.	Ao longo do curso	PsPd, profesora FOL
Sesións presenciais de orientación académica co alumnado.	2º e 3º trimestre	PsPd, titores/as
Coordinación con institucións para o desenvolvemento de actividades e sesións informativas (CIUG, Universidades, centros da contorna...)	2º e 3º trimestre	PsPd, institucións
Coordinación cos centros de Educación Infantil e Primaria do Concello no proceso de tránsito da etapa Primaria á Secundaria. Información sobre antecedentes escolares, persoais, familiares e sociais significativos.	3º trimestre	D.O, equipos directivos, titores/as dos centros de procedencia
Acollida ao alumnado de 6º de Educación Primaria. Información académica. Tránsito de etapa.	3º trimestre	D.O
Entrega de materiais a titores/as para traballar nas titorías e determinación de contidos a integrar curricularmente nas materias e/ou módulos.	2º e 3º trimestre	PsPd, titores/as, profesor/a de FOL
Charlas informativas a grupos de alumnado de ESO, Bacharelato e FP (optatividade, opcións, itinerarios...)	2º e/ou 3º trimestre	D.O
Promover sesións informativas e intercambio de experiencias con antigo alumnado, empresas e/ou particulares	Ao longo do curso	D.O, titores/as
Charlas informativas a familias (características da etapa, opcións subseguintes, itinerarios, promoción, titulación...)	3º trimestre	D.O
Aplicación de test de intereses e preferencias vocacionais.	3º trimestre	D.O

Asesoramento na elaboración de consellos orientadores.	3º trimestre	D.O
Asesoramento individualizado a familias, con especial atención ás familias de ACNEAE.	Ao longo do curso	D.O
Asesoramento individualizado a alumnado que o solicite e/ou amose un alto grado de indecisión que poida requirir dunha intervención máis concreta ou aplicación dalgunha proba de intereses, aptitudes e/ou preferencias profesionais.	Ao longo do curso	D.O

Metodoloxía e técnicas

Metodoloxía: activa e participativa. Enfoque constructivista

Técnicas: charlas informativas, exposicións, estudo de casos, dramatizacións, probas psicométricas...

Avaliación do programa

A avaliación será continua ao longo do desenvolvemento do mesmo, introducindo as modificacións que sexan pertinentes e reaxustando a intervención segundo sexa preciso.

5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Neste apartado faremos referencia ás estratexias de intervención que farán posible o desenvolvemento do plan así como dos distintos programas que abrangue o mesmo. O desenvolvemento e posta en marcha destas estratexias dependerá dos criterios organizativos que terán que aprobar os órganos colexiados de goberno e coordinación docente do centro para que se poidan chegar a desenvolver, dada a natureza indirecta da nosa intervención.

Así, é preciso ter en conta unha serie de consideracións iniciais, tales como o carácter inherente da orientación á función docente, de xeito que tódolos profesores/as serán responsables de apoiar o proceso de orientación e aprendizaxe do alumnado. Asemade, a coordinación e dirección das actividades de orientación e titoría corresponderá á xefatura de estudos, en colaboración co Departamento de Orientación. O Departamento de Orientación actuará dende unha intervención de carácter indirecto, logo, a nosa actividade centrarase sobre todo no traballo de colaboración co profesorado, nunha relación profesional de igual a igual.

O traballo do D.O está baseado nunha intervención por programas, sendo preciso ter en conta os imprevistos ou necesidades que poidan xurdir ao longo do curso durante o desenvolvemento do plan, podendo ser preciso reaxustar ou facer modificacións sobre a planificación inicial.

Xa que logo, convén ter en conta as seguintes **estratexias organizativas** que facilitarán o desenvolvemento do plan e os programas que abrangue o mesmo:

- **Reunións mensuais do Departamento de Orientación:** permitirán coordinar e dinamizar as accións do plan, organizar materiais e actividades, facer seguimento dos programas e do plan, establecer criterios organizativos....

- **Reunións da CCP:** elevaremos a este órgano de coordinación docente as nosas propostas en materia orientadora, presentaremos pautas de actuación, informaremos do seguimento e desenvolvemento dos programas e actividades recollidas no PAT e POAP....e á súa vez, a CCP estableceranos directrices de traballo, nun proceso de retroalimentación continua.
- **Reunións de Claustro e Consello Escolar:** darán cobertura legal ás propostas feitas previamente, de xeito que serán os órganos que aproben os programas propostos ou a reformulación dos existentes para a inclusión no PAT e POAP, aprobarán as actividades extraescolares e complementarias, aprobarán os criterios organizativos para o desenvolvemento de programas...
- **Reunións trimestrais dos equipos docentes:** aproveitaranse as sesións de avaliación para facer seguimento da tarefa orientadora proposta, modificacións, novas propostas... Estas reunións son de especial importancia xa que ás mesmas acode o equipo docente de cada grupo ao completo.
- **Reunións semanais con titores/as:** estas reunións permiten facer un seguimento estreito de cada grupo de alumnos/as e da actividade orientadora proposta, de xeito que a valoración continua permitiría introducir os cambios ou melloras precisas e o seguimento da planificación de forma constante, valorando non só a acción a nivel de centro, se non que se daría respostas as necesidades detectadas en cada grupo no momento en que estas xurdan.
- **Reunións/Coordinación coa xefatura de estudos:** é necesario manter unha estreita coordinación coa xefatura de estudos, xa que desta depende a acción docente e orientadora. Nestas reunións poderemos informar e dar forma ás nosas propostas ou plantexar actuacións ante calquera necesidade detectada, nas que a xefatura de estudos terá un papel incuestionable en materia de organización. A coordinación coa xefa de estudos será continua, pero aproveitarase o feito de que a orientadora forme parte do equipo directivo, para tratar as cuestións precisas de xeito formal nas reunións semanais de equipo directivo.
- **Reunións/Coordinación co E.O.E:** será precisa esta colaboración en casos concretos ou situacións determinadas, sendo necesario establecer canles de colaboración para o deseño, posta en marcha e valoración de accións que requiran un alto grao de especificidade.
- **Reunións co orientador/a dos centros de educación infantil de primaria do Concello (adscritos a nivel de admisión de alumnado):** estas reunións terán carácter trimestral e irán encamiñadas ao establecemento de criterios comúns en materia de orientación, análise e detección de necesidades sobre as que fora preciso intervir e así mesmo, é especialmente importante as accións encamiñadas a favorecer o tránsito do alumnado dende a educación primaria á secundaria obrigatoria (intercambio de información sobre o alumnado co persoal do departamento de orientación, deseño de actividades para o coñecemento da etapa da ESO e do novo centro....).
- **Reunións/Coordinación con axentes externos ao centro:** algúns contidos dos distintos programas serán abordados ou tratados por axentes externos ao centro, dos cales se requirirá a súa participación e colaboración. Neste senso, e dada a necesidade de manter contacto e implicación do entorno, botarase man de reunións con axentes externos coma o educador/a familiar do Concello, centros Quérote, CIUG, persoal de

Universidades, profesionais liberais que participen no desenvolvemento de actividades....

- **Coordinación coa profesora de FOL:** se ben forma parte do D.O, é importante manter unha estreita colaboración con esta docente, posto que moitos dos contidos do programa de orientación vocacional serán desenvolvidos por esta no ámbito do seu módulo e materias que imparte, podendo colaborar ademais no deseño doutras actividades ou tarefas relativas ó programa.
- **Coordinación co coordinador da FCT:** estas cobrarán importancia no ámbito da orientación académica e profesional, de cara a facer un seguimento do período formativo na empresa por parte do alumnado así como para procurar a súa inserción laboral.
- **Reunións co profesor de PT:** en relación co ámbito de atención á diversidade, as reunións con profesorado de PT permitirannos facer un seguimento do alumnado con NEAE atendidos por este profesional e axustar a resposta educativa ás necesidades xurdidas en cada momento.
- **Reunións cos pais/nais/titores/as legais de ACNEAE:** a través destas poderemos informar ás familias sobre necesidades detectadas e propostas de actuación. Esta estratexia será desenvolvida en moitos casos en colaboración co profesorado de PT e o tutor/a.
- **Asesoramento individualizado:** aínda que se prioriza a intervención sobre os grupos, é primordial contemplar o asesoramento individualizado á comunidade educativa. Así, prestarase asesoramento individualizado aos docentes e familias que o soliciten así coma a aqueles alumnos/as que o precisen.

Nun ámbito máis concreto, no que ás **estratexias de intervención específicas dos programas** se refire, convén indicar as seguintes:

- **Deseño xeral dos programas:** o deseño dos programas abrangue as distintas ensinanzas que se imparten no centro, se ben, se priorizarán uns ou outros, e as distintas actuacións incluídas nos mesmos en uns ou outros cursos e ensinanzas, en función das particularidades e necesidades contempladas en cada caso. Xa que logo, a intensidade dos programas será variable en función da ensinanza ou etapa de que se trate. Asemade, os programas estarán interrelacionados as máis das veces, abordando contidos que permitirán traballar obxectivos de distintos programas en gran parte das ocasións. Así por exemplo, traballando educación en valores estaremos a incidir na mellora da convivencia en moitas ocasións, o autoconñecemento e competencia persoal e social tamén se traballan en distintas planificacións, á par que se aborda a mediación e solución de conflitos estaranse a traballar as habilidades sociais....Logo, os programas non son compartimentos estanco illados os uns dos outros, senón que gardan relación entre eles e os contidos e obxectivos se superpoñen en distintas ocasións.
- **Aproveitamento da sesión lectiva de titoría:** en ensinanzas como a ESO e FPB botaremos man da sesión lectiva de titoría para o desenvolvemento de gran parte das actividades dos programas propostos. Estas sesións son un bo espazo para traballar temas transversais e abordar cuestións tales coma a integración, cohesión grupal, resolución de conflitos, educación en valores....

- **Integración curricular:** a orientación non debe ser unha actividade illada do currículo escolar, se non que debe impregnar o mesmo. Deste xeito, sería desexable que parte dos contidos dos programas se traballe a través de distintas materias e módulos, para o que é fundamental a coordinación docente. Este aspecto, tendo importancia en tódolos casos será vital nas ensinanzas que non dispoñen de titorías lectivas, tal como acontece no Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio.
- **Implicación das familias e profesorado:** a implicación e participación das familias será clave no bo desenvolvemento do proceso ensino-aprendizaxe. Ao mesmo tempo, apóstase pola participación e implicación do profesorado, aspecto clave no desenvolvemento dos programas, así como pola súa formación e innovación profesional.

Finalmente, indicar que as **técnicas** que empregaremos para levar a cabo o plan de orientación serán variadas, podendo destacar as que seguen: charlas informativas, coloquios, dramatizacións, estudos de casos, traballo en pequenos grupos, utilización de fontes documentais (biblioteca, arquivos...), probas psicométricas, entrevistas grupais ou individuais...

6. RECURSOS

Recursos humanos:

- Membros do Departamento de Orientación (Profesor de PT, profesora de FOL e orientadora)
- Equipo directivo
- Titores/as
- Equipos docentes dos distintos grupos
- Equipo de Orientación Específico de Pontevedra
- ANPA
- Institucións do entorno (Vila de Cruces e Comarca do Deza)
- Axentes externos (Centros Quérote, persoal da CIUG, persoal de Universidades, Concello de Vila de Cruces, Cruz Vermella...)

Recursos materiais:

- Documentos do centro
- Probas psicopedagóxicas
- Bibliografía e webgrafía
- Recursos didácticos de entidades e asociacións
- Material elaborado polo Departamento de Orientación
- Lexislación educativa
- Protocolos da Consellería de Educación

Recursos organizativos:

- Os indicados anteriormente no apartado de estratexias de intervención.

7. TEMPORALIZACIÓN

Ao longo do curso

- Atención directa ás demandas de profesorado, alumnado e familias.
- Atención directa a calquera persoa externa que o demande.
- Seguimento do proceso ensino-aprendizaxe e medidas de atención á diversidade
- Seguimento do alumnado que reciben reforzo e apoio por parte do profesorado de PT.
- Realización das avaliacións psicopedagóxicas baixo demanda e redacción dos correspondentes informes.
- Adquisición de materiais para o departamento e aula de apoio.
- Elevación de propostas aos órganos de goberno e coordinación docente.
- Coordinación con docentes e EOE.
- Contacto e coordinación con axentes externos para o desenvolvemento de charlas e talleres complementarios aos programas.
- Mantemento e actualización de información nas canles de comunicación do departamento (web do centro, taboleiros, redes sociais).

1º trimestre

- Constitución do Departamento de Orientación.
- Realización de aportacións para a elaboración da P.X.A.
- Revisión do Libro de Actas, programación do curso anterior, memoria...e presentación aos membros do D.O dos ámbitos de actuación así como as liñas xerais de intervención.
- Elaboración e redacción do Plan Anual do Departamento de Orientación.
- Análise da situación inicial dos diferentes grupos (recollida de datos, revisión de expedientes e informes, detección de necesidades...).
- Reunións iniciais (previas á avaliación inicial) co equipo docente daquel alumnado que presente algún tipo de necesidade sobre a que fora preciso informar.
- Coordinación co equipo docente do alumnado para a elaboración e/ou modificación de ACS.
- Participación nas sesións de avaliación inicial.
- Organización dos horarios de apoio e reforzo.
- Realización do seguimento do proceso educativo das diferentes medidas de atención a diversidade: reforzo, ACS, apoios...
- Entrevistas coas familias do alumnado que presenta NEAE para informalos sobre o procedemento do reforzo e/ou outras medidas de atención á diversidade.
- Dinamización das titorías e programas de acollida, integración e mellora da convivencia; programa de habilidades sociais; programa de educación en valores e promoción de hábitos e estilos de vida saudables; programa de atención á diversidade, prevención e afrontamento das dificultades de aprendizaxe e programa de estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes; que se desenvolverán ao longo do curso.
- Elaboración, adaptación e difusión de materiais para o desenvolvemento dos programas.
- Entrevistas con pais/nais, titores/as e institucións.
- Participación nas sesións de avaliación do trimestre.

2º trimestre

- Valoración dos resultados obtidos na primeira avaliación e adopción de medidas ante as necesidades xurdidas e/ou detectadas.
- Continuación coa dinamización dos programas iniciados no 1º trimestre.
- Iniciación da dinamización do programa de orientación vocacional.
- Elaboración, adaptación e difusión de materiais para o desenvolvemento dos programas.
- Actualización do banco de datos do D.O no relativo á información relacionada coa vertente vocacional.
- Participación nas sesións de avaliación do trimestre.

3º trimestre

- Valoración dos resultados obtidos na segunda avaliación e adopción de medidas ante as necesidades xurdidas e/ou detectadas.
- Continuación co desenvolvemento dos programas iniciados nos trimestres anteriores.
- Charla informativa ao alumnado de 6º de primaria e cursos terminais sobre as novas etapas educativas.
- Charla informativa ás familias sobre orientación académica.
- Coordinación con docentes e EOE.
- Realización do seguimento dos programas e avaliación final.
- Asesoramento e colaboración na elaboración de consellos orientadores na ESO.
- Participación nas sesións de avaliación final.
- Proposta de planificación de medidas curriculares e organizativas de atención a diversidade para o vindeiro curso.
- Entrevista cos pais para informalos das medidas de atención propostas para o seus fillo/a e solicitar o seu consentimento.
- Realización da memoria do D.O.

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Establécese unha planificación inicial e flexible para as actividades complementarias e extraescolares, que se concretará ao longo do curso **en función das necesidades** xurdidas en cada momento. Indícase a continuación e de forma resumida as posibles actividades complementarias e/ou extraescolares que se contemplan na correspondente relación remitida para a súa aprobación no Consello Escolar:

- Obradoiros de educación afectivo-sexual e diversidade sexual (ESO, FPB, Bach, CM).
- Charlas sensibilización sobre a doazón de órganos e sangue (ESO, BAC, FPB, CM)
- Obradoiro de motivación e habilidades sociais (FPB)
- Obradoiros de técnicas de estudo (ESO, FPB, BAC)
- Taller de prevención de condutas infractoras (ESO, FPB)
- Taller prevención do acoso escolar (ESO, FPB, CM)
- Prevención do consumo de drogas e adicións (ESO, FPB, BAC, CM)
- Prevención dos riscos asociados ás novas tecnoloxías (ESO, FPB, BAC, CM)
- Intelixencia emocional e relacións saudables (ESO, BAC, FPB, CM)
- loga, mindfulness e xestión emocional (ESO, FPB, BAC, CM)

- Obradoiros de habilidades sociais e resolución de conflitos (ESO, FPB, CM)
- Taller sensibilización e normalización da diversidade funcional (ESO, FPB, Bach, CM)
- Igualdade e prevención da violencia de xénero (ESO, FPB, BAC, CM)
- Charla sobre a PAU impartida por CIUG (BAC)
- Programa A ponte entre o ensino medio e a USC (BAC)
- FP Innova. Congreso de innovación na Formación Profesional (FPB, CMAPSD, CMSOLCA)
- Visita a empresas da zona (FPB, CMSOLCA, CMAPSD)
- Visita a outros centros educativos e universidades e participación en xornadas de orientación académica e/ou profesional (ESO, BAC, FPB, CM)
- Obradoiros de seguridade vial (ESO, BAC, FPB, CM)
- Obradoiros sobre educación para a saúde (ESO, BAC, FPB, CM)
- Obradoiros varios segundo necesidades xurdidas: educación ambiental, interculturalidade, habilidades sociais no mundo laboral, trastornos da conduta alimentaria, saúde mental, nutrición, hábitos saudables, voluntariado, ocio responsable...(ESO, FPB, BAC, CM)

9. AVALIACIÓN DO PLAN E PROPOSTAS DE MELLORA

O plan do departamento de orientación debe ser sometido a un **proceso continuo** de avaliación, coa finalidade de valorar en que medida se están a lograr os obxectivos propostos e competencias clave e introducir cambios no caso de que sexa preciso. Xa que logo, a avaliación, que será realizada polos propios implicados no plan, terá un carácter formativo, contemplándose 3 momentos:

- **Avaliación inicial:** consiste na recollida de datos e información para a detección de necesidades, sendo realizada a través das suxerencias e aportacións nas reunións do D.O, da CCP, da aplicación de distintos instrumentos (test, entrevistas, observación), a través da revisión das actas e memoria do departamento do curso anterior...Esta avaliación ten finalidade diagnosticadora.
- **Avaliación continua ou procesual:** trátase do seguimento do desenvolvemento do plan de orientación, o cal se fará a través da recollida de información nas reunións con titores/as, reunións da CCP e do D.O... Con isto, poderemos valorar o grao de cumprimento do plan inicial previsto e se este é satisfactorio, podendo introducir cambios se fora preciso e así optimizar o plan a medida que se vai desenvolvendo.
- **Avaliación final ou sumativa:** mide os resultados ao final do proceso sendo o seu obxectivo medir en conxunto o plan aplicado.

Para poder levar a cabo o proceso avaliador é preciso establecer unha serie de **criterios** a ter en conta para realizar dita avaliación. Os criterios serán os que seguen:

- a) *Eficacia*, relación entre o deseñado e o realizado.
- b) *Eficiencia*, relación entre o acadado e os medios aplicados.
- c) *Satisfactoriedade*, relación entre o desexable e o existente.
- d) *Suficiencia*, relación entre os obxectivos e as necesidades.
- e) *Pertinencia*, adecuación ás necesidades establecidas.
- f) *Coherencia*, grao de consistencia cas propostas.
- g) *Obxectividade*, adecuación a principios científicos.

- h) *Aplicabilidade ou funcionalidade*, capacidade de solución.
- i) *Actualización*, grao de adecuación a situacións reais.

En relación aos **instrumentos** de avaliación empregados, botaremos man dos seguintes: observación participante, entrevistas abertas e semiabertas, cuestionarios, análises de documentos....

Cabe dicir que o proceso avaliativo culminará coa **elaboración da memoria** do D.O, regulada no artigo 15 da Orde 24 xullo de 1998, que tal como se indica no citado documento legal, ha de incluír os aspectos seguintes:

- Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan e cambio, se procede, na realidade educativa.
- Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no dito plan, así como a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel.
- Conclusións e propostas concretas de mellora.

A memoria será redactada polo/a xefe/a do departamento e entregada ao equipo directivo para a súa inclusión na memoria final do centro.

10. ORIENTACIÓN E PLAN LECTOR

O desenvolvemento da **competencia lectora** no alumnado é imprescindible, e debe ser un obxectivo adquirido ao remate da escolaridade obrigatoria, entendendo a lectura en toda a súa complexidade e non só como mera decodificación. Así, todo o alumnado debe adquirir unha bagaxe básica de estratexias, habilidades, actitudes e coñecementos que lle permitan desenvolverse como lector competente.

O IES Marco do Camballón pon en marcha plans e proxectos de fomento da lectura (Plan lector), os cales inclúen actividades que inciden na mellora da competencia lectora e o fomento do hábito lector en tódolos alumnos/as, especialmente naqueles/as que, por diversas razóns, atopan maior dificultade no desenvolvemento axeitado da competencia lectora. Dende o departamento de orientación apóiase a adquisición e fomento da lectura mediante o sistema de reforzo e apoio educativo, en coherencia co modelo de atención á diversidade proposto, coas normas de organización e funcionamento do centro e co plan lector, dentro do horario lectivo e cos recursos específicos do centro.

O instituto tamén participa dos distintos plans e programas de reforzo e apoio postos en marcha dende a Consellería de Educación, sempre que estes lle son concedidos ou se cumpren os requisitos para participar nos mesmos, ben sexa dentro ou fóra do horario lectivo, os cales contemplan actuacións para o reforzo, apoio, adquisición e desenvolvemento de aprendizaxes básicas. Cando se levan a cabo plans e programas en horario extraescolar, estes pretenden que a aprendizaxe da lectura non se converta nunha mera reprodución do que o profesor/a realiza na aula, de maneira que, a través de procedementos e estratexias complementarias ás estritamente curriculares, e en moitos casos con apoios doutros profesionais ou perfís que non son o de profesorado que imparte docencia ao alumnado, se levan a cabo outras actividades máis próximas á educación non formal. E todo isto tendo como referente, igualmente, os obxectivos que se perseguen no ámbito curricular: mellorar a competencia lectora e fomentar

o hábito lector no alumnado. Trátase, xa que logo, de que estes plans e programas apoiem dende a lectura a superación de dificultades como carencias na comprensión global dos escritos, problemas na identificación de ideas principais e secundarias, falta de comprensión de léxico especializado, descoñecemento de situacións comunicativas, tipos de texto e/ou xéneros discursivos asociados a diferentes materias...

Obxectivos de Dpto. de Orientación con respecto ao Plan lector do IES Marco do Camballón:

- Posibilitar no centro a organización de programas de reforzo que incidan, de xeito especial, no desenvolvemento de actuacións tendentes á mellora da comprensión lectora e ao fomento do hábito lector no alumnado.
- Establecer entre o profesorado do centro mecanismos de coordinación, seguimento, deseño conxunto de estratexias, procura de materiais e recursos..., que faciliten a organización e desenvolvemento de devanditos programas de reforzo.
- Contemplar, de xeito preferente, actividades relacionadas coa competencia lectora e a adquisición e desenvolvemento do hábito lector noutros plans e programas que o centro leve a cabo: plan de atención á diversidade; plan de reforzo, orientación e apoio; programa de acompañamento, axuda e reforzo educativo...

Actuacións:

No IES Marco do Camballón, e en horario lectivo, lévase a cabo un programa de reforzo, que inclúe especialmente a alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria con necesidades específicas de apoio educativo, no que se inclúen actividades que fomentan o desenvolvemento de estratexias, habilidades e coñecementos para a formación de lectores competentes.

Asemade, na aula de Pedagogía Terapéutica e no Departamento de Orientación existe material para lectura dispoñible para o uso por parte do profesorado do centro. A bibliografía da que se dispón aborda temáticas diversas tales como alimentación, atención temperá, autoestima, desenvolvemento e autonomía, educación, habilidades sociais, emprego, familia, linguaxe e comunicación, motricidade e exercicio físico, sexualidade, saúde...

11. ORIENTACIÓN E TIC

Atopámonos na era do coñecemento e as novas tecnoloxías relacionadas coa información e a comunicación, que empezaron a transformar lenta pero inexorablemente os escenarios nos que vivimos e traballamos. Os cambios tecnolóxicos fan que xurdan novas necesidades e que se abran novas posibilidades no campo da educación e, de forma particular, no ámbito da orientación.

O noso sistema educativo, seguindo as recomendacións da Comisión Europea, recoñeceu xa a competencia dixital como unha das oito competencias clave que debe desenvolver un alumno/a ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida. Tanto é así que o currículo establecido a nivel autonómico así como os proxectos educativos e as programacións didácticas que elaboren os centros educativos, deben orientarse a facilitar a adquisición efectiva das competencias clave para o alumnado, entre elas, a dixital.

O desenvolvemento das TIC, e en especial Internet, abrangue máis aló do ámbito educativo, afectando de cheo ao ámbito laboral, no que está a provocar algúns cambios significativos no funcionamento dos Servizos Públicos de Emprego e doutros axentes de intermediación e orientación laboral. Xa que logo, co desenvolvemento das TIC ábrense novas perspectivas de traballo e de desenvolvemento profesional e orixínanse novos retos tanto para os profesionais da orientación como para a profesión en sentido amplo e para as organizacións profesionais.

As TIC e os procesos de ensino-aprendizaxe

As TIC van ocupando cada vez un maior espazo como obxecto e ferramenta de aprendizaxe, configurando novos escenarios educativos. Nesta nova realidade, asesorar sobre os procesos de ensino e aprendizaxe implicará coñecer previamente as ferramentas coas que ensinar e a forma na que nese contexto aprenden os alumnos/as. Necesitaremos ademais saber como os cambios tecnolóxicos afectan ao alumnado co que traballamos, tanto na súa vida académica como no ámbito do persoal e relacional.

As TIC abren tamén novas posibilidades á atención á diversidade na aula, na medida en que, en moitos casos, poden permitir unha maior individualización das formas de ensino e un maior axuste da axuda pedagóxica. As TIC son ademais, se se usan ben, unha vía para a renovación pedagóxica e o cambio metodolóxico, sempre que se empreguen de xeito innovador e non reproducindo o mesmo de sempre pero nun ordenador.

Ademais, Internet está abrindo cada vez máis posibilidades na formación a distancia, sendo cada vez máis as iniciativas que se desenvolven neste sentido, tanto como alternativa ao ensino presencial como no seu apoio. Os profesionais da orientación debemos familiarizarnos coas plataformas e sistemas de teleformación para ofrecer, do mesmo xeito que o resto de docentes cos que traballamos, este tipo de prestación aos usuarios dos nosos servizos, aspecto especialmente relevante no momento actual, onde quedou comprobado que a ensinanza pode tornar a semipresencial ou non presencial en calquera momento, logo de vivir unha pandemia mundial que obrigou ao ensino a distancia durante un longo tempo.

As TIC e o novo perfil profesional do orientador

O manexo das TIC estase a converter nunha competencia fundamental para os profesionais da orientación. Deberemos ser usuarios habituais da rede e bos coñecedores do que nela se ofrece, tanto nos temas relacionados coa orientación laboral como nos relacionados coa didáctica, a tecnoloxía educativa e a educación en xeral. Así, necesitaremos incorporar as TIC como instrumento e recurso de traballo, de autoformación e de actualización profesional.

Pero as TIC non só modifican o perfil profesional do orientador/a, senón que tamén cambian a propia concepción dos servizos de orientación na medida na que posibilitan tamén metodoloxías de traballo e formas de relación co usuario diferentes. Internet permite permeabilizar as paredes de aulas e despachos e estender os plans de trabalo a outros espazos máis abertos. Do mesmo xeito que ocorre na docencia, o orientador/a xa non é a fonte principal de información. Os usuarios poden desempeñar un papel moitos máis activo nuns procesos de orientación que poderán enfocar en maior medida cara a autoorientación.

Usos e posibilidades das TIC na orientación dende o IES Marco do Camballón

a) Internet como fonte de información e recursos

Internet é unha gran biblioteca e un gran banco de recursos, ao que acudimos na procura de información de utilidade para o desenvolvemento da nosa labor no campo da orientación. Con todo, a abundancia de información non sempre é sinónimo de calidade da mesma, debendo ser críticos e selectivos coa que se recada. Internet convértese así nunha ferramenta para a autoformación e a actualización e fonte de recursos para a nosa labor profesional.

b) Internet como ferramenta de comunicación e intercambio profesional

Pódense aquí incluír utilidades como o correo electrónico, as listas de distribución ou os grupos de usuarios que intercambian mensaxes de correo a través dunha dirección electrónica común. Tamén podemos incluír os foros habilitados en moitos portais de Internet dedicados á orientación e creados por orientadores a título individual ou por organizacións profesionais. Todas elas son vías útiles e rápidas a través das cales se poden realizar consultas a outros compañeiros/as de profesión ou compartir información de interese común dunha forma cómoda e sen necesidade de ter coñecementos especiais.

c) Internet como ferramenta para informar e orientar

Internet é unha vía privilexiada para poñer a disposición dos usuarios do noso servizo, ou do público en xeral, a información que consideremos oportuna. Poñer en marcha un portal web en Internet ou editar unha sinxela páxina web no portal da institución na que prestamos os nosos servizos é algo cada vez máis habitual. Isto supón un salto cualitativo no uso da rede: pasar de ser simples consumidores de información, a ser produtores e promotores da mesma. Habilitar a nosa propia sección dentro do portal web do centro ou a institución na que traballamos é a opción máis pertinente, pois permite publicar noticias, enlaces ou documentos sen necesidade de posuír grandes coñecementos técnicos. No departamento puxemos tamén en marcha unha rede social dende o curso 2022-23, para achegar a información de carácter vocacional ao alumnado e ao resto da comunidade educativa, tendo en conta o incremento destas vías de relación/comunicación/información.

d) Internet como ferramenta de formación e titorización a distancia

Podemos facer un uso algo máis avanzado da rede cando somos nós mesmos quen creamos e administramos servizos de consultas telemáticas dirixidos aos nosos propios usuarios. Exemplo diso poden ser os foros de consultas que poden integrarse na web dun centro educativo e ao que familias e alumnado poden enviar as súas consultas. Dunha forma sinxela o orientador/a poden atender demandas de información que poden resultar de utilidade non só a quen pregunta senón tamén a outros moitos usuarios que poden achegarse a ese recurso en busca de información. Hoxe en día existen tamén moitos portais gratuítos en Internet que nos permiten crear un foro nuns sinxelos pasos, aínda que a cambio teremos que soportar os anuncios publicitarios do provedor. Tamén podemos incluír neste apartado os chats e outras ferramentas de mensaxería instantánea que nos permiten un trato máis confidencial e privado co consultante en tempo real. Non ten tódalas vantaxes do contacto presencial, pero tamén é certo que a través desta vía imos poder poñer en práctica con maior eficacia algunhas das técnicas de condución da entrevista que requiren algo máis de reflexión e precisión na linguaxe.

As plataformas de teleformación vía web xestionadas con sistemas como Moodle, Claroline, Edixgal..., poderían merecer un capítulo aparte dadas as súas múltiples posibilidades en accións de formación dirixidas a estudantes e profesionais. Cada vez son máis os centros educativos, especialmente no ensino secundario superior e no ámbito universitario que utilizan estes sistemas como complemento á formación presencial. A través delas pódense desenvolver cursos en liña sobre calquera temática. Tamén actividades formativas relacionadas coa acción titorial, a orientación académica e profesional ou o desenvolvemento sociopersoal.

Do mesmo xeito que por esta vía se poden desenvolver actividades relacionadas con calquera materia curricular ou módulo profesional, tamén se poden desenvolver outras relacionadas coa aprendizaxe das técnicas de procura de emprego, o desenvolvemento de habilidades para a toma de decisións....

e) Internet como ferramenta de traballo colaborativo para o profesorado e os profesionais da orientación.

O traballo colaborativo entre profesionais é sen dúbida unha das posibilidades máis interesantes de Internet. As plataformas de teleformación comentadas no apartado anterior poden posibilitar tamén experiencias interesantes en áreas de traballo como o asesoramento ao profesorado dende, por exemplo, o noso departamento ou a aula de PT, a través da rede interna. Estas plataformas de formación Online ofrecen moitas posibilidades para o traballo colaborativo entre o persoal dun centro escolar. Unha das máis interesantes, como se indicou anteriormente é a de compartir documentos e materiais de traballo en liña. Os materiais e recursos didácticos que habitualmente se proporcionan en papel, pódense poñer a disposición do profesorado nunha contorna web protexida e reservada aos usuarios desexados. Deste xeito, ademais de promover o uso das tecnoloxías da información e comunicación entre os docentes do centro, poderemos facilitar a organización e o arquivo do material, aforrando o uso de papel e establecendo un mecanismo de comunicación e intercambio entre todos.

Outra ferramenta máis sinxela de manexar e con moitas posibilidades á hora de desenvolver proxectos colaborativos son o wikis. Un wiki, Dropbox, conta Gmail....son aplicacións web que permiten aos usuarios engadir un contido, do mesmo xeito que un foro de Internet ou un blog, pero tamén permiten que outros usuarios autorizados poidan revisalo e editalo. Ademais, almacenan as distintas versións do contido ou material editado, a modo de historial, o que permite volver sobre as distintas achegas dos colaboradores.

En relación a este apartado, convén destacar que dende o D.O estamos a traballar nun proceso de apertura continuo, integrando o uso de plataformas e sistemas de teleformación na nosa labor, os cales foron especialmente útiles durante o ensino a distancia na pandemia, e os seguimos a conservar na actualidade. Así, a difusión e comunicación a través da web do centro, correo electrónico, videoconferencia e plataformas virtuais como a aula virtual do centro ou o google classroom, convertéronse en medios básicos para a nosa labor na actualidade.

12. BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ e BISQUERRA (1996). Manual de orientación y tutoría. Barcelona. Praxis.

ÁLVAREZ ROJO, V (1991). ¡Tengo que decidirme! Sevilla. Alfar.

BASEDAS e outros (1991). Intervención educativa y diagnóstico psicopedagógico. Paidós. Madrid.

BELTRÁN (1981). Escuela de padres. Herder. Barcelona.

BISQUERRA (1998). Modelos de orientación e intervención psicopedagógica. Editorial Estel. Madrid.

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (2003). Aprender a estudiar. Pirámide. Madrid.

FERNÁNDEZ SIERRA (1996). Orientación profesional y currículo de secundaria. Aljibe. Málaga.

GARCÍA BARREIRO, GIMÉNEZ FERNÁNDEZ, GLEZ. GARCÍA, GRUND PENDÓN e LARA SERNA (2012). Mediación en la práctica. Manual de implantación de un servicio de mediación escolar. Copicentro. Málaga.

JARES, X (2005). Técnicas e xogos cooperativos para todas as idades. Edicións Xerais de Galicia. Vigo.

MARCHESI, COLL e PALACIOS (1990) Desarrollo psicológico y educación. V. III. Alianza. Madrid.

MORATINOS (1985). La escuela de padres. Narcea. Madrid.

RIVAS, F. (1995). Manual de asesoramiento y orientación vocacional. Editorial Síntesis. Madrid.

RODRIGUEZ ESPINAR, S. (coord), ÁLVAREZ, M., ECHEVERRÍA, B. e MARÍN, M.A (1993). Teoría y práctica de la orientación educativa. PPU. Barcelona.

RODRÍGUEZ MORENO, M.L. (1994). Programa para enseñar a tomar decisiones. Laertes. Barcelona.

REVISTA ENTREESTUDIANTES. Editorial Peldaño.

SANTOS REGO, M.A. e LORENZO MOLEDO, M^a M. (2003). Inmigración e acción educativa en Galicia.

SUÁREZ (1995). Dificultades en el aprendizaje. Santillana. Madrid

TORREGO, J.C (coord), AGUADO ASENJO, J.C, FDEZ. GARCÍA, I., FUNES LAPPONI, S., LÓPEZ TORRELLAS, J., MARTÍNEZ LÓPEZ, M.C, DE VICENTE ABAD., J. (2017). Mediación de conflictos en instituciones educativas. Manual para la formación de mediadores. Narcea Ediciones S.A. Madrid.

VIDAL (1993). Guía para realizar adaptaciones curriculares. EOS. Madrid.

XUNTA DE GALICIA (2005). Plan de Acollida: orientación para a súa elaboración.

XUNTA DE GALICIA (2005). Maltrato entre iguais. Programa de sensibilización sobre o maltrato entre iguais.

XUNTA DE GALICIA (2007). Plan de convivencia do centro.

XUNTA DE GALICIA (2007). Plan integral de mellora da convivencia escolar en Galicia.

En Vila de Cruces, a 26 de setembro de 2024

Asdo.: Ana Belén Fernández Porral
Xefa do Dpto. de Orientación

ELABORADO		APROBADO	
Ana Belén Fernández Porral (Xefa do Dpto. de Orientación)		Paula Martínez Busto (Profesora de FOL) Manuel Crespo García (Profesor de PT)	
Data	Setembro 2024	Data	30/09/2024

ANEXOS

13. ANEXO I. CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL PARA O CURSO 2024-25

Concrétase nas páxinas seguintes o plan marco para a acción titorial, que se entende como unha proposta flexible, axustable ás necesidades de cada grupo en cada momento, podendo adoptarse variacións na temporalización, temáticas e estratexias didácticas, en función dos reaxustes que se establezan.

Naquelas etapas en que se conta con hora de titoría lectiva, favorecerase a inclusión transversal dos temas seguintes:

- *Igualdade de xénero*, procurando abordar os distintos contidos e programas dende a perspectiva de xénero.
- *Educación ambiental*, concienciando ao alumnado no día a día da importancia da separación de residuos e o coidado do medio ambiente, comezando polo máis próximo.
- *Convivencia e educación emocional*, favorecendo as relacións positivas, a solución pacífica de conflitos e a expresión emocional, para o que instaremos a empregar técnicas como os círculos de diálogo na aula e se recorrerá á mediación escolar.

Asemade, recóllense na táboa seguinte algunhas datas conmemorativas que poden ser consideradas polo profesorado no desenvolvemento da súa labor docente e/ou titorial:

DATA	CONMEMORACIÓN
20 novembro de 2024	Día Universal da Infancia
25 novembro de 2024	Día Internacional contra a Violencia de Xénero
3 decembro de 2024	Día Internacional da Diversidade Funcional
10 decembro de 2024	Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos
30 xaneiro de 2025	Día Escolar da Non Violencia e a Paz
8 marzo de 2025	Día Internacional da Muller
2 maio de 2025	Día Internacional contra o Acoso Escolar
5 xuño de 2025	Día Mundial do Medio Ambiente

A continuación pode consultarse a planificación xenérica para cada curso/etapa, que se completará con actividades complementarias como obradoiros, charlas e talleres.

PLANIFICACIÓN SESIÓNS TITORÍA - 1º ESO			
MES	Nº SESIÓNS	ACTIVIDADES - PROGRAMA	MATERIAIS
SETEMBRO	3	<p>Programa de acollida, integración e mellora da convivencia</p> <p>Acollida, presentación. Normas, dereitos e deberes</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de presentación - Calendario escolar, horarios, profesorado - Normas de convivencia, dereitos e deberes <p>Organización do grupo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprobación do estado da aula 	<p>Guión da xornada de acollida</p> <p>Normas xerais centro, comedor e transporte</p> <p>Listaxes de alumnado</p> <p>Horarios</p> <p>Acta de comprobación da aula</p>

		<p>- Elección do delegado/a de aula</p> <p>Coñecemento grupal</p> <p>- Autoconñecemento, coñecemento do grupo e cohesión</p>	<p>Acta de elección do delegado/a</p> <p>Dinámicas grupais</p>
OUTUBRO	4	<p><u>Programa de acollida, integración e mellora da convivencia</u></p> <p>Prevención do acoso escolar</p> <p>- Concienciación sobre o acoso escolar, responsabilidades e consecuencias</p> <p>Resolución de conflitos</p> <p>- A mediación escolar.</p> <p>- Presentación do equipo de mediación</p>	<p>Cine educativo, curtametraxes, presentacións e/ou obradoiros</p> <p>Material elaborado polo equipo de mediación e/ou dinámicas grupais</p>
NOVEMBRO	4	<p><u>Programa de estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes</u></p> <p>Organización, planificación e técnicas de estudo</p> <p>- A ESO. Características da etapa e promoción</p> <p>- Autoavaliación do estudo. Cuestionario de hábitos de estudo</p> <p>- Axenda escolar, horario de estudo</p> <p>- O ambiente de estudo</p> <p>- A sesión de estudo</p> <p>- Técnicas básicas: subliñado e esquema</p>	<p>Cadernos, material elaborado polo DO, documentos e modelos</p>
DECEMBRO	3	<p><u>Programa de educación en valores e promoción de hábitos e estilos de vida saudables</u></p> <p>Novas tecnoloxías e redes sociais</p> <p>- Riscos asociados ao uso de NNTT e RRSS</p> <p>- Ciberseguridade</p> <p><u>Programa de estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes</u></p> <p>Pre-avaliación</p> <p>- Autoavaliación. Reflexión sobre resultados trimestrais.</p> <p>- Acordos e compromisos de mellora</p>	<p>Cómic “Los guardianes de la red” (Santy Gutiérrez. En colaboración con Policía Nacional)</p> <p>Enquisas e/ou guións para a reflexión</p>
XANEIRO	3	<p><u>Programa de habilidades sociais</u></p> <p>- Habilidades sociais básicas: saúdo e despedida, dar as grazas, pedir por favor...</p> <p>- Habilidades sociais complexas: autoestima, estilos de comunicación, empatía...</p> <p>- Habilidades cos sentimentos, emocións e para a solución de conflitos interpersoais</p>	<p>Dinámicas grupais, vídeos, bibliografía e recursos recompilados e/ou elaborados polo DO</p>

FEBREIRO	4	<p><u>Programa de educación en valores e promoción de hábitos e estilos de vida saudables</u></p> <p>Educación afectivo-sexual</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cambios da etapa adolescente. - Autoestima e perspectiva de xénero - Diversidade afectivo-sexual <p>Educación emocional</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación e expresión de emocións - Xestión emocional 	<p>Programa “Adolescencia” Cine educativo, curtametraxes, obradoiros e/ou material aportado polo DO</p> <p>Dinámicas grupais</p>
MARZO	3	<p><u>Programa de educación en valores e promoción de hábitos e estilos de vida saudables</u></p> <p>Diversidade cultural</p> <ul style="list-style-type: none"> - Interculturalidade <p>Prevención de adiccións</p> <ul style="list-style-type: none"> - Adiccións con e sen substancia 	<p>Intercambio cultural, xornadas interculturais e/ou cine educativo</p> <p>Xogos, vídeos, material aportado polo DO e/ou obradoiros</p>
ABRIL	3	<p><u>Programa de estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes</u></p> <p>Pre-avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Autoavaliación. Reflexión sobre resultados trimestrais - Acordos e compromisos de mellora <p><u>Programa de orientación vocacional</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Autoconñecemento 	<p>Enquisas e/ou guións para a reflexión</p> <p>Dinámicas e material aportado polo DO, programa Orienta, blogs de orientación.</p>
MAIO	4	<p><u>Programa de orientación vocacional</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Información académica - Coñecemento das profesións - Toma de decisións 	<p>Dinámicas e material aportado polo DO, programa Orienta, blogs de orientación.</p>
XUÑO	3	<p>Valoración final</p> <ul style="list-style-type: none"> - Avaliación do curso e da titoría - Comprobación do estado da aula 	<p>Enquisa de avaliación da titoría Acta final de estado da aula</p>

PLANIFICACIÓN SESIÓN TITORÍA - 2º ESO			
MES	Nº SESIÓN	ACTIVIDADES - PROGRAMA	MATERIAIS
SETEMBRO	3	<p><u>Programa de acollida, integración e mellora da convivencia</u></p> <p>Acollida, presentación. Normas, dereitos e deberes</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de presentación - Calendario escolar, horarios, profesorado - Normas de convivencia, dereitos e deberes 	<p>Guión da xornada de acollida Normas xerais centro, comedor e transporte Listaxes de alumnado Horarios</p>

		Organización do grupo - Comprobación do estado da aula - Elección do delegado/a de aula Coñecemento grupal - Autoconñecemento, coñecemento do grupo e cohesión	Acta de comprobación da aula Acta de elección do delegado/a Dinámicas grupais
OUTUBRO	4	<u>Programa de acollida, integración e mellora da convivencia</u> Prevención do acoso escolar - Concienciación sobre o acoso escolar, responsabilidades e consecuencias Resolución de conflitos - A mediación escolar - Presentación do equipo de mediación Educación ambiental - Coidado do medio ambiente - Reciclaxe - Consumo responsable	Cine educativo, curtametraxes, presentacións e/ou obradoiros Material elaborado polo equipo de mediación e/ou dinámicas grupais Vídeos, documentos e material aportado polo DO.
NOVEMBRO	4	<u>Programa de estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes</u> Organización, planificación e método de estudo - Autoavaliación do estudo. Cuestionario de hábitos de estudo - Axenda escolar, horario de estudo. - As condicións do estudo - Método de estudo eficaz: 2LSEMR - Técnicas básicas, memoria e repaso	Cadernos, material elaborado polo DO, documentos e modelos
DECEMBRO	3	<u>Programa de educación en valores e promoción de hábitos e estilos de vida saudables</u> Novas tecnoloxías e redes sociais - Riscos asociados ao uso de NNTT e RRSS - Ciberseguridade <u>Programa de estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes</u> Pre-avaliación - Autoavaliación. Reflexión sobre resultados trimestrais - Acordos e compromisos de mellora	Curtametraxes, webs de referencia, documentos Enquisas e/ou guiños para a reflexión
XANEIRO	3	<u>Programa de habilidades sociais</u> - Habilidades sociais básicas: saúdo e despedida, dar as grazas, pedir por favor... - Habilidades sociais complexas: autoestima, estilos de comunicación, empatía... - Habilidades cos sentimentos, emocións e para a solución de conflitos interpersoais	Dinámicas grupais, vídeos, bibliografía e recursos recompilados e/ou elaborados polo DO
FEBREIRO	4	<u>Programa de educación en valores e promoción de hábitos e estilos de vida saudables</u> - Educación emocional	Dinámicas grupais, vídeos, obradoiros e/ou recursos

		- Saúde mental - Ocio saudable e prevención de adiccións	recompilados ou elaborados polo DO
MARZO	3	<u>Programa de educación en valores e promoción de hábitos e estilos de vida saudables</u> Diversidade cultural - Interculturalidade Educación afectivo-sexual - Roles de xénero e estereotipos - Relacións adolescentes. Influencia das NNTT - Mitos do amor romántico - Prevención da violencia de xénero - Diversidade afectivo-sexual	Intercambio cultural, xornadas interculturais e/ou cine educativo Obradoiros, dinámicas, vídeos, cine educativo e/ou recursos recompilados polo DO.
ABRIL	3	<u>Programa de estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes</u> Pre-avaliación - Autoavaliación. Reflexión sobre resultados trimestrais. - Acordos e compromisos de mellora <u>Programa de orientación vocacional</u> - Autocoñecemento	Enquisas e/ou guións para a reflexión Dinámicas e material aportado polo DO, programa Orienta, blogs de orientación.
MAIO	4	<u>Programa de orientación vocacional</u> - Información académica - Coñecemento das profesións - Toma de decisións	Dinámicas e material aportado polo DO, programa Orienta, blogs de orientación.
XUÑO	3	Valoración final - Avaliación do curso e da titoría - Comprobación do estado da aula	Enquisa de avaliación da titoría Acta final de estado da aula

PLANIFICACIÓN SESIÓNS TITORÍA - 3º ESO			
MES	Nº SESIÓNS	ACTIVIDADES - PROGRAMA	MATERIAIS
SETEMBRO	3	<u>Programa de acollida, integración e mellora da convivencia</u> Acollida, presentación. Normas, dereitos e deberes - Actividades de presentación - Calendario escolar, horarios, profesorado - Normas de convivencia, dereitos e deberes Organización do grupo - Comprobación do estado da aula - Elección do delegado/a de aula	Guión da xornada de acollida Normas xerais centro, comedor e transporte Listaxes de alumnado Horarios Acta de comprobación da aula Acta de elección do delegado/a

		Coñecemento grupal - Autoconecemento, coñecemento do grupo e cohesión	Dinámicas grupais
OUTUBRO	4	<u>Programa de estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes</u> Organización, planificación e método de estudo - Autoavaliación do estudo - Planificación e estratexias de organización - Método de estudo eficaz - Principais técnicas de estudo e preparación de exames <u>Programa de acollida, integración e mellora da convivencia</u> Resolución de conflitos - A mediación escolar - Presentación do equipo de mediación	Cadernos, material elaborado polo DO, documentos e modelos Material elaborado polo equipo de mediación e/ou dinámicas grupais
NOVEMBRO	4	<u>Programa de habilidades sociais</u> - Habilidades sociais básicas: saúde e despedida, dar as grazas, pedir por favor... - Habilidades sociais complexas: autoestima, estilos de comunicación, empatía... - Habilidades cos sentimentos, emocións e para a solución de conflitos interpersoais	Dinámicas grupais, vídeos, bibliografía e recursos recompilados e/ou elaborados polo DO
DECEMBRO	3	<u>Programa de estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes</u> Pre-avaliación - Autoavaliación. Reflexión sobre resultados trimestrais. - Acordos e compromisos de mellora	Enquisas e/ou guións para a reflexión
XANEIRO	3	<u>Programa de educación en valores e promoción de hábitos e estilos de vida saudables</u> - Educación emocional - Saúde mental	Obradoiros e/ou dinámicas grupais
FEBREIRO	4	<u>Programa de educación en valores e promoción de hábitos e estilos de vida saudables</u> Ocio responsable e prevención de adiccións - Adiccións con e sen substancia - Ocio como factor de protección Educación afectivo-sexual - Afectividade e sexualidade - Prevención de embarazos e ITS - Relacións igualitarias	Obradoiros e/ou material recompilado polo DO Obradoiros e/ou material recompilado polo DO
MARZO	3	<u>Programa de educación en valores e promoción de hábitos e estilos de vida saudables</u> Diversidade cultural - Interculturalidade	Intercambio cultural, xornadas interculturais e/ou cine educativo

ABRIL	3	<p><u>Programa de estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes</u></p> <p>Pre-avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Autoavaliación. Reflexión sobre resultados trimestrais - Acordos e compromisos de mellora <p><u>Programa de orientación vocacional</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Autoconñecemento 	<p>Enquisas e/ou guións para a reflexión</p> <p>Dinámicas e material aportado polo DO, programa Orienta, blogs de orientación.</p>
MAIO	4	<p><u>Programa de orientación vocacional</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Información académica - O mundo laboral: as profesións - Toma de decisións 	<p>Dinámicas e material aportado polo DO, programa Orienta, blogs de orientación.</p>
XUÑO	3	<p>Valoración final</p> <ul style="list-style-type: none"> - Avaliación do curso e da titoría - Comprobación do estado da aula 	<p>Enquisa de avaliación da titoría</p> <p>Acta final de estado da aula</p>

PLANIFICACIÓN SESIÓNS TITORÍA - 4º ESO			
MES	Nº SESIÓNS	ACTIVIDADES - PROGRAMA	MATERIAIS
SETEMBRO	3	<p><u>Programa de acollida, integración e mellora da convivencia</u></p> <p>Acollida, presentación. Normas, dereitos e deberes</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de presentación - Calendario escolar, horarios, profesorado - Normas de convivencia, dereitos e deberes <p>Organización do grupo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprobación do estado da aula - Elección do delegado/a de aula <p>Coñecemento grupal</p> <ul style="list-style-type: none"> - Autoconñecemento, coñecemento do grupo e cohesión 	<p>Guión da xornada de acollida</p> <p>Normas xerais centro, comedor e transporte</p> <p>Listaxes de alumnado</p> <p>Horarios</p> <p>Acta de comprobación da aula</p> <p>Acta de elección do delegado/a</p> <p>Dinámicas grupais</p>
OUTUBRO	4	<p><u>Programa de estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes</u></p> <p>Organización, planificación e método de estudo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Condicións de estudo - Organización do estudo - Método de estudo eficaz - Memoria e repaso - Preparación de exames 	<p>Cadernos, material elaborado polo DO, documentos e modelos</p>

		<u>Programa de acollida, integración e mellora da convivencia</u> Resolución de conflitos - A mediación escolar - Presentación do equipo de mediación	Material elaborado polo equipo de mediación e/ou dinámicas grupais
NOVEMBRO	4	<u>Programa de habilidades sociais</u> - Habilidades sociais básicas: saúde e despedida, dar as grazas, pedir por favor... - Habilidades sociais complexas: autoestima, estilos de comunicación, empatía... - Habilidades cos sentimentos, emocións e para a solución de conflitos interpersoais	Dinámicas grupais, vídeos, bibliografía e recursos recompilados e/ou elaborados polo DO
DECEMBRO	3	<u>Programa de estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes</u> Pre-avaliación - Autoavaliación. Reflexión sobre resultados trimestrais. - Acordos e compromisos de mellora	Enquisas e/ou guións para a reflexión
XANEIRO	3	<u>Programa de educación en valores e promoción de hábitos e estilos de vida saudables</u> - Saúde mental - Educación emocional - Temas de actualidade	Obradoiros, cine educativo, dinámicas grupais, materiais e documentos varios.
FEBREIRO	4	<u>Programa de educación en valores e promoción de hábitos e estilos de vida saudables</u> - Prevención de adicións - Afectividade e sexualidade. - Tolerancia e respecto á diversidade - Temas de actualidade	Obradoiros, cine educativo, dinámicas grupais, materiais e documentos varios.
MARZO	3	<u>Programa de educación en valores e promoción de hábitos e estilos de vida saudables</u> Diversidade cultural - Interculturalidade	Intercambio cultural, xornadas interculturais e/ou cine educativo
ABRIL	3	<u>Programa de estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes</u> Pre-avaliación - Autoavaliación. Reflexión sobre resultados trimestrais. - Acordos e compromisos de mellora <u>Programa de orientación vocacional</u> - Autoconecemento	Enquisas e/ou guións para a reflexión Dinámicas e material aportado polo DO, programa Orienta, blogs de orientación.
MAIO	4	<u>Programa de orientación vocacional</u> - Información académica - O mundo laboral: as profesións - Toma de decisións	Dinámicas e material aportado polo DO, programa Orienta, blogs de orientación.

		- Inserción laboral	
XUÑO	3	Valoración final - Avaliación do curso e da titoría - Comprobación do estado da aula	Enquisa de avaliación da titoría Acta final de estado da aula

PLANIFICACIÓN SESIÓN TITORÍA – 1º FPB			
MES	Nº SESIÓN	ACTIVIDADES - PROGRAMA	MATERIAIS
SETEMBRO	3	<p><u>Programa de acollida, integración e mellora da convivencia</u></p> <p>Acollida, presentación. Normas, dereitos e deberes - Actividades de presentación - Calendario escolar, horarios, profesorado - Normas de convivencia, dereitos e deberes</p> <p>Organización do grupo - Comprobación do estado da aula - Elección do delegado/a de aula</p> <p>Coñecemento grupal - Autoconñecemento, coñecemento do grupo e cohesión</p>	<p>Guión da xornada de acollida Normas xerais centro, comedor e transporte Listaxes de alumnado Horarios</p> <p>Acta de comprobación da aula Acta de elección do delegado/a</p> <p>Dinámicas grupais</p>
OUTUBRO	4	<p><u>Programa de estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes</u></p> <p>Organización, planificación e método de estudo - Cuestionario hábitos de estudo - Planificación e estratexias de organización - Método de estudo eficaz - Técnicas de estudo - Os exames</p> <p><u>Programa de acollida, integración e mellora da convivencia</u></p> <p>Resolución de conflitos - A mediación escolar - Presentación do equipo de mediación</p>	<p>Cadernos, presentacións, material elaborado polo DO, documentos e modelos</p> <p>Material elaborado polo equipo de mediación e/ou dinámicas grupais</p>
NOVEMBRO	4	<p><u>Programa de habilidades sociais</u> - Habilidades sociais básicas: saúde e despedida, dar as grazas, pedir por favor... - Habilidades sociais complexas: autoestima, estilos de comunicación, empatía... - Habilidades cos sentimentos, emocións e para a solución de conflitos interpersoais</p>	<p>Obradoiros, dinámicas grupais, vídeos, bibliografía e recursos recompilados e/ou elaborados polo DO</p>

DECEMBRO	3	<p><u>Programa de estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes</u></p> <p>Pre-avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Autoavaliación. Reflexión sobre resultados trimestrais - Acordos e compromisos de mellora 	Enquisas e/ou guións para a reflexión
XANEIRO	3	<p><u>Programa de educación en valores e promoción de hábitos e estilos de vida saudables</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Educación emocional - Convivencia, solución pacífica de conflitos, prevención do acoso escolar 	Obradoiros, cine educativo e/ou dinámicas grupais
FEBREIRO	4	<p><u>Programa de educación en valores e promoción de hábitos e estilos de vida saudables</u></p> <p>Ocio responsable e prevención de adiccións</p> <ul style="list-style-type: none"> - Adiccións con e sen substancia - Ocio como factor de protección <p>Educación afectivo-sexual</p> <ul style="list-style-type: none"> - Afectividade e sexualidade - Prevención de embarazos e ITS - Relacións igualitarias 	<p>Obradoiros e/ou material recompilado polo DO</p> <p>Obradoiros e/ou material recompilado polo DO</p>
MARZO	3	<p><u>Programa de educación en valores e promoción de hábitos e estilos de vida saudables</u></p> <p>Diversidade cultural</p> <ul style="list-style-type: none"> - Interculturalidade 	Intercambio cultural, xornadas interculturais e/ou cine educativo
ABRIL	3	<p><u>Programa de estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes</u></p> <p>Pre-avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Autoavaliación. Reflexión sobre resultados trimestrais - Acordos e compromisos de mellora <p><u>Programa de orientación vocacional</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Autocoñecemento 	<p>Enquisas e/ou guións para a reflexión</p> <p>Dinámicas e material aportado polo DO, programa Orienta, blogs de orientación.</p>
MAIO	4	<p><u>Programa de orientación vocacional</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Información académica - As profesións - Toma de decisións 	Dinámicas e material aportado polo DO, programa Orienta, blogs de orientación.
XUÑO	3	<p>Valoración final</p> <ul style="list-style-type: none"> - Avaliación do curso e da titoría - Comprobación do estado da aula 	<p>Enquisa de avaliación da titoría</p> <p>Acta final de estado da aula</p>

PLANIFICACIÓN SESIÓN TUTORÍA – 2º FPB			
MES	Nº SESIÓN	ACTIVIDADES - PROGRAMA	MATERIAIS
SETEMBRO	3	<p><u>Programa de acollida, integración e mellora da convivencia</u></p> <p>Acollida, presentación. Normas, dereitos e deberes</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de presentación - Calendario escolar, horarios, profesorado - Normas de convivencia, dereitos e deberes <p>Organización do grupo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprobación do estado da aula - Elección do delegado/a de aula <p>Coñecemento grupal</p> <ul style="list-style-type: none"> - Autoconñecemento, coñecemento do grupo e cohesión 	<p>Guión da xornada de acollida</p> <p>Normas xerais centro, comedor e transporte</p> <p>Listaxes de alumnado</p> <p>Horarios</p> <p>Acta de comprobación da aula</p> <p>Acta de elección do delegado/a</p> <p>Dinámicas grupais</p>
OUTUBRO	4	<p><u>Programa de estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes</u></p> <p>Organización, planificación e método de estudo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cuestionario hábitos de estudo - Planificación e estratexias de organización - Método de estudo eficaz - Técnicas de estudo - Os exames <p><u>Programa de acollida, integración e mellora da convivencia</u></p> <p>Resolución de conflitos</p> <ul style="list-style-type: none"> - A mediación escolar - Presentación do equipo de mediación 	<p>Cadernos, presentacións, material elaborado polo DO, documentos e modelos</p> <p>Material elaborado polo equipo de mediación e/ou dinámicas grupais</p>
NOVEMBRO	4	<p><u>Programa de habilidades sociais</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Habilidades sociais básicas: saúde e despedida, dar as grazas, pedir por favor... - Habilidades sociais complexas: autoestima, estilos de comunicación, empatía... - Habilidades cos sentimentos, emocións e para a solución de conflitos interpersoais 	<p>Dinámicas grupais, vídeos, bibliografía e recursos recompilados e/ou elaborados polo DO</p>
DECEMBRO	3	<p><u>Programa de estratexias de estudo e afrontamento das aprendizaxes</u></p> <p>Pre-avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Autoavaliación. Reflexión sobre resultados trimestrais - Acordos e compromisos de mellora 	<p>Enquisas e/ou guións para a reflexión</p>
XANEIRO	3	<p><u>Programa de orientación vocacional</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Autoconñecemento 	<p>Dinámicas e material aportado polo DO, programa Orienta, blogs de orientación</p>
FEBREIRO	4	<p><u>Programa de orientación vocacional</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Información académica - As profesións 	<p>Dinámicas e material aportado polo DO, programa Orienta, blogs de orientación.</p>

		- Toma de decisións	
MARZO	3	Programa de educación en valores e promoción de hábitos e estilos de vida saudables Diversidade cultural - Interculturalidade	Intercambio cultural, xornadas interculturais e/ou cine educativo
ABRIL	3	Seguimento FCT	
MAIO	4	Seguimento FCT	
XUÑO	3	Seguimento FCT	

BACHARELATO		
PERIODO	CONTIDOS/ACTIVIDADES	MATERIAIS
1º TRIMESTRE	<p>Acollida nais, pais, titores/as legais: presentación e reunión co titor/a.</p> <p>Acollida alumnado: recepción do alumnado e presentación titor/a. Acollida do grupo-clase, calendario escolar e horario do grupo.</p> <p>Normas do centro e aula. Dereitos e deberes do alumnado.</p> <p>Comprobación do estado da aula.</p> <p>Elección do delegado/a.</p> <p>Recollida de información relevante sobre o alumnado do grupo a nivel académico, social e familiar.</p> <p>Información académica.</p> <p>Avaliación inicial. Análise de alumnado con NEAE e adopción de medidas de reforzo nos casos necesarios.</p> <p>Planificación e técnicas de estudo.</p> <p>Temas transversais</p> <p>Avaliación do alumnado.</p> <p>Comunicación dos resultados da 1ª avaliación ás familias e/ou titores/as legais.</p>	<p>NOF</p> <p>Documentos de acollida e normas de convivencia do centro.</p> <p>Listaxes de alumnado.</p> <p>Calendario escolar e horario.</p> <p>Dinámicas de presentación.</p> <p>Acta de estado da aula.</p> <p>Acta de elección do delegado.</p> <p>Documentos, informacións e presentacións elaborados pola dirección e/ou dpto. de orientación.</p> <p>Material curricular.</p>
2º TRIMESTRE	<p>Análise de resultados do 1º trimestre.</p> <p>Afrontamento do estudo: toma de apuntes, elaboración de traballos monográficos e uso de fontes de información.</p> <p>Cooperación e traballo en grupo. Habilidades sociais.</p> <p>Autocoñecemento e toma de decisións.</p> <p>Orientación vocacional.</p> <p>Temas transversais.</p> <p>Avaliación do alumnado.</p> <p>Comunicación dos resultados da 2ª avaliación ás familias e/ou titores/as legais.</p>	<p>Integración curricular, entrevistas, vídeos, charlas, debates, presentacións...</p>

3º TRIMESTRE	<p>Análise de resultados do 2º trimestre. Intereses e preferencias profesionais. Inserción laboral Información académica, continuación de estudos: estudos universitarios, Formación Profesional de Grado Superior, oposicións de acceso aos Corpos de Seguridade do Estado. Probas de acceso á Universidade. Becas e axudas ao estudo. Avaliación do alumnado. Comunicación dos resultados da 3ª avaliación ás familias e/ou titores/as legais.</p>	Integración curricular, documentos, noticias, libros, saídas, charlas...
---------------------	--	--

No Bacharelato, debido á peculiaridade da etapa, con carácter postobligatoria e eminentemente preparatorio para a continuación de estudos superiores, a transversalidade tratarase fundamentalmente no ámbito das distintas materias, mediante integración curricular.

FORMACIÓN PROFESIONAL GRADO MEDIO		
PERIODO	CONTIDOS/ACTIVIDADES	MATERIAIS
1º TRIMESTRE	<p>Acollida alumnado: recepción do alumnado E presentación titor/a. Acollida do grupo-clase, calendario escolar e horario do grupo. Normas de convivencia do centro e aula. Dereitos e deberes do alumnado. Comprobación do estado da aula. Elección do delegado/a. Recollida de información relevante sobre o alumnado do grupo a nivel académico, social e familiar. Información académica. Avaliación inicial: análise de alumnado con NEAE e adopción de medidas de reforzo ou flexibilización modular nos casos que sexan precisos. Planificación e técnicas de estudo. O grupo: intereses, motivacións.... Perfil profesional. O emprendemento. Temas transversais. Avaliación do alumnado.</p>	<p>NOF. Documentos de acollida e normas de convivencia do centro, comedor e transporte. Listaxes de alumnado. Calendario escolar e horario. Acta de estado da aula. Acta de elección do delegado. Dinámicas de presentación. Documentos, informacións e presentacións elaborados pola dirección e/ou dpto. de orientación Material curricular. Entrevistas, charlas, debates...</p>
2º TRIMESTRE	<p>Análise de resultados do 1º trimestre. Proxecto formativo persoal. Técnicas de inserción laboral: curriculum vitae, carta de presentación, entrevista laboral. Habilidades sociais no traballo. Vías de acceso ao emprego: axencias de colocación, empresas de traballo temporal, portais de emprego, rede de contactos. Lexislación laboral e prevención de riscos laborais: dereitos e deberes do traballador, contrato de traballo, o salario, a seguridade social, convenios colectivos, primeiros auxilios... Orientación vocacional: información académico-profesional. Temas transversais. Avaliación do alumnado.</p>	Integración curricular, entrevistas, vídeos, charlas, debates, material curricular...

3º TRIMESTRE	Análise de resultados do 2º trimestre. Cooperación e traballo en grupo. Seguridade e saúde no traballo. Orientación vocacional: información académico-profesional. A formación continua para o desenvolvemento profesional. A busca activa de emprego. Dereitos e deberes laborais. Elección de profesións. Opcións laborais. Proxecto formativo persoal. Avaliación do alumnado.	Integración curricular, documentos, noticias, guías, charlas, visitas a empresas...
---------------------	---	---

Na FP, os contidos e actividades serán abordados fundamentalmente a través do profesorado de FOL, o titor/a de cada grupo e os docentes dos distintos módulos, estando así integrados curricularmente.

